

Raul Brandão

Viaxe á illa do Corvo

Os Azores, 1924

Viagem á Ilha do Corvo

Os Açores, 1924



TRADUCCIÓN GALEGA

Xesús Rábade Paredes

ESTUDO INTRODUTORIO

Xesús Alonso Montero

VIAXE Á ILLA DO CORVO
VIAGEM Á ILHA DO CORVO

TÍTULO ORIXINAL
Viagem á Illa do Corvo (Açores)
1924

TRADUCIÓN GALEGA
Xesús Rábade Paredes

ESTUDO INTRODUTORIO
Xesús Alonso Montero

COORDINACIÓN EDITORIAL E PRODUCIÓN
Editorial Galaxia, S. A.


© PARLAMENTO DE GALICIA, 2017

ISBN: 978-84-7836-117-5
Dep. Legal: VG 532-2017

Deseño da cuberta
Hayat Husein

Raul Brandão

VIAXE Á ILLA DO CORVO
VIAGEM Á ILHA DO CORVO



Raul Brandão e a súa esposa, Maria Angelina de Araújo Abreu, en 1926

LIMIAR

As relacións entre Galicia e Portugal caracterizáronse tradicionalmente por unha realidade contraditoria: a dos habitantes das áreas limítrofes, que practicaban a boa veciñanza e interpretaban a fronteira como unha liña moitas veces difusa; e a dos gobernantes de Lisboa e de Madrid, que en ocasións xestionaron de costas e con receos, ignorando a historia e a cultura compartida nun espazo xeográfico ateigado de similitudes.

Coa chegada da democracia e o posterior ingreso dos dous países na UE, esa distancia desapareceu definitivamente. Hoxe, España e Portugal, Galicia e as diferentes rexións do país irmán, superaron con éxito e para sempre esa distancia que durou tempo de máis.

O Parlamento de Galicia e mais a Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Acores están empeñados en avanzar nesa estratexia de achegamento, liderando proxectos conxuntos no ámbito da cultura, ao tempo que buscan concienciar as sociedades dos nosos dous países irmáns respecto a todo o que

nos une, e de maneira particular a común pertenza ao mundo da lusofonía.

Con este obxectivo, en xullo de 2016, o Parlamento de Galicia impulsou a edición de dúas obras que expresaban, dun xeito ou doutro, a relación cultural entre Galicia e o arquipélago; relacións literarias, fundamentalmente.

Titulábase, unha destas publicacións, *Zara. Edição Polyglota*, libro singular na bibliografía portuguesa e na europea do século XIX. Zara, como os máis eruditos lembrarán, era unha mocíña que morreu en 1880, sen cumplir 16 anos. O seu desconsolado irmán, o poeta Joaquim de Araújo, solicitou dun amigo seu, de Antero de Quental —¡do grande Antero!— uns versos para o epitafio da infortunada meniña, solicitude á que o gran poeta respondeu con oito versos elexíacos de ouro.

Xa morto Antero (1891), Joaquim de Araújo publicou unha edición do epitafio en corenta e oito idiomas (nalgúns casos, dialectos) nun volume impreso en Lisboa (Imprensa Nacional) no ano 1894 con este título: *Zara / Edição Polyglota*. Nós ofrecemos ás autoridades do arquipélago o facsímile do exemplar obrante na biblioteca da Fundación Curros Enríquez (Celanova), conscientes de que faciamos unha achega moi valiosa a bibliófilos e bibliógrafos (hai moito tempo que esta *edición políglota* é peza de bibliófilos) e de que, deste xeito, estabamos a homenaxear o poeta Manuel Curros Enríquez, non só tradutor galego do epitafio nese volume senón o home de letras que na prensa española do século XIX contribuíu moi eficazmente coas súas recensións a que o poeta Antero de Quental, o autor de *Zara*, fose coñecido fóra das súas fronteiras.

A outra publicación é un breve volume titulado *Antero de Quental e Teófilo Braga e a súa relación coas letras galegas*, obra, na primeira parte, de Xesús Alonso Montero, e na segunda, da profesora Beatriz García Turnes. Sabido é que os escritores portugueses estudiados, tan importantes nas letras do seu país, son naturais dos Azores, da illa de San Miguel.

Así pois, os intelectuais galegos, portugueses e azorianos de finais do século XIX e comezos do XX foron pioneiros na tarefa de achegar os nosos pobos e culturas naquel tempo de distanciamento institucional.

As cámaras lexislativas de Galicia e dos Azores queren seguir avanzando pola senda de entendemento iniciada polos nosos homes de letras.

Desta volta, o Parlamento de Galicia impulsa dúas actividades no ronsel do ano pasado: O poema “Zara” será cantado en Celanova, patria de Curros Enríquez, no aniversario do seu nacemento (15 de setembro), cantado en portugués e en galego, coa música de Emilio Rúa e cointerpretado por Rosa Cedrón.

A segunda actividade é a publicación dun texto portugués (en edición bilingüe), cuxo autor non nace nas illas Azores, pero unha de cuxas obras foi fundamental para o coñecemento e o recoñecemento do arquipélago: *As Ilhas Desconhecidas. Notas e Paisagens*, libro, froito dunha viaxe de 1924, publicado en 1926. Nesta ocasión ofrecemos só as páxinas relativas á illa de Corvo, a máis pequena do arquipélago e, sen dúbida, para o autor, a máis incitante.

Unha illa sumida entón nunha incomunicación extrema, mais tamén exemplo de honestidade e solidariedade entre os

seus moradores. Trátase, pois, dunha obra imprescindible na literatura de viaxes portuguesa e europea que, áinda hoxe, continúa espertando a curiosidade e a imaxinación do lector.

En edición biblingüe, ofrecemos o magnífico texto orixinal e a coidada tradución galega do escritor Xesús Rábade Parades. Consta a edición dun “Estudo introdutorio” do profesor Xesús Alonso Montero no que examina as relacións entre Raul Brandão e algúns escritores galegos contemporáneos, un deles, Antonio Noriega Varela, moi atento no seu día ás peculiaridades sociolóxicas da impresionante illa do Corvo, da que Raul Brandão regresou “deslumbrado”.

Sirva esta edición de testemuño da amizade entre os nosos dous pobos irmáns, aos que convidamos e animamos vivamente a seguir avanzando e a ensanchar cada día a senda de fraternidade que a lusofonía propicia e nos ofrece.

MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA
Presidente do Parlamento de Galicia

Dende a súa mesma nacenza, o pobo portugués e mais o galego viviron irmados pola converxencia nun substrato común de lingua, cultura e sociedade que o tempo foi facendo complementario. Esas orixes, en tantos sentidos compartidas, e esa fraternidade comprende tamén a Região Autónoma dos Acores, coa que o Goberno da Xunta de Galicia mantivo sempre lazos de cordialidade que nos últimos anos veñen estreitándose áinda con máis forza.

Nese camiñar xunguidos existiron e existen voces literarias que compartiron ambos os mundos e representan a feliz unión que decote presidiu os dous pobos. Neste sentido, a sobranceira figura do escritor e xornalista Raul Brandão é un cumprido exemplo do apertado abrazo que vincula as letras deste atlántico lusófono e galego. El, que tanta relación tivo cos autores da Galicia do primeiro terzo do século XX e ollou para a nosa terra con cálida simpatía, escribiu tamén páxinas luminosas sobre as paradisíacas illas azorianas.

A presente publicación reproduce un dos capítulos más salientables do volume *As Ilhas Desconhecidas. Notas e Paisagens*, obra publicada en Lisboa en 1926 que, porén, recolle as notas de viaxe da visita que dous anos antes, no verán de 1924, Brandão realizara aos arquipélagos de Acores e Madeira. Así pois, *O Corvo* pertence a ese singular continente da escrita que adoita denominarse literatura de viaxes e que aquí espella a xeografía física, humana e mesmo espiritual da más pequena das illas azorianas.

Agora que se alcanza o sesquicentenario do nacemento deste autor, dende o Goberno da Xunta de Galicia queremos unirnos á celebración publicando *O Corvo* en edición bilingüe, sumando así ao orixinal portugués a versión galega realizada polo poeta e tradutor Xesús Rábade Paredes. Para mellor arroupar este volume incorpórase tamén un estudo introdutorio asinado polo profesor Xesús Alonso Montero, quen dá conta da relación epistolar mantida entre Raul Brandão e o poeta mindoniense Antonio Noriega Varela.

Non existe mellor maneira de honrar un escritor que divulgando a súa obra para que esta adquira nova vida no sentir dos lectores. Esta é a razón de ser da presente obra, coa que queremos tamén testemuñar a nosa amizade co pobo da Região Autónoma dos Acores, quen ten na escrita Raul Brandão a mellor das embaixadas literarias.

ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
Conselleiro de Cultura, Educación e O. U.

A MÁIS DESCOÑECIDA DAS DESCOÑECIDAS

Non hai amor sen coñecemento. Coñecemento entre as partes e coñecemento entre irmáns. No mes de xullo do pasado ano a Assembleia Legislativa da Região Autónoma dos Acores, que cumpría corenta anos de existencia, convidaba o Parlamento de Galicia a visitar as illas atlánticas, nunha operación de achegamento entre as dúas autonomías no marco da Unión Europea e nas respectivas constitucións: española e portuguesa, o que significaba unha sorte de irmandade entre as dúas realidades políticas, sociais, históricas, lingüísticas e culturais. Por parte galega, viaxou unha representación da nosa primeira institución lexislativa (o Parlamento) e mais de dúas institucións culturais, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega. Era un encontro de coñecemento mutuo e, asemade, de mutuas descubertas.

Daquela, o profesor Xesús Alonso Montero, entón presidente da RAG, e a filóloga e escritora Beatriz García Turnes, prepararon unha publicación (80 páxinas), promovida polo

Parlamento, a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega, sobre as relacións entre dous clásicos das letras portuguesas (e azorianas), Antero de Quental e Teófilo Braga, cos escritores galegos do Rexurdimento (Curros Enríquez, Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Martínez Salazar). Portugal foi sempre un referente de irmandade para os sectores más sensibles da intellectualidade galega e, áinda que en moitos aspectos seguimos sendo grandes descoñecidos para as letras de alén Miño, non faltaron autores portugueses que se interesasen (e que afortunadamente se interesan cada vez máis) pola literatura nesta lingua do norte, viveiro común dunha historia en tantos aspectos próxima e que pide ser compartida.

Algo máis dun ano despois daquel encontro nos Acores, os amigos e amigas do arquipélago atlántico devolven a cortesía, e nós volvemos celebralo desta vez coa edición en lingua galega dun texto que xa no seu momento espertou notable interese, principalmente nos homes da xeración Nós, en Vicente Risco sobre todo, tamén en Noriega Varela e algúns outros. Refírome ao libro que en 1926 publica Raul Brandão (1867-1930), un dos grandes narradores das letras portuguesas: novelista, xornalista, ensaísta, memorialista, dramaturgo e, neste caso, cronista viaxeiro. O libro titúlase *As Ilhas Desconhecidas*, que xa en 1927, a pouco de saír do prelo, cun Raul Brandão xa ben recoñecido e con obra feita, merecía especial atención na revista que dirixía dende Ourense Vicente Risco.

Chegaba o libro aos redactores de Nós, e mesmo a noticia do propio Brandão, da man doutro autor relevante nas descubertas entre Galicia e Portugal neste período: o poeta Teixeira

de Pascoaes (1877-1952), o poeta do Marão, tan querido de Risco e de Otero Pedrayo. O profesor Alonso Montero documenta este proceso, tanto das relacións entre Brandão e os escritores galegos da época, como o interese da propia obra que parcialmente presentamos: *As Ilhas Desconhecidas*. De seguro que o lector ha ficar interesado neste relato ou crónica de viaxeiro, que nalgún momento el define como simples apuntamentos, mais que amosan a capacidade de observación, análise e talento narrativo dun dos grandes autores do seu tempo: *Impressões e Paisagens*, *Os Pobres*, *El-Rey Junot*, *Húmus*, *Os Pescadores*, *Jesus Cristo em Lisboa*, que mereceu tamén a atención da revista galega, *Portugal Pequenino*, *O Pobre de Pedir...*

No caso que nos ocupa escollemos a crónica de viaxes pola significación e o interese (social, etnográfico, cultural, literario) da visita que Brandão realiza pola súa conta ás illas en 1924, e daquela visita escolmamos un capítulo, que publicamos en edición orixinal portuguesa, con tradución para o galego da man do escritor Xesús Rábade Paredes: a illa do Corvo, acaso a máis humilde, a máis arredada, a máis pequena, a máis desconecida das Illas Descoñecidas, pero que no seu momento impresionou especialmente a Brandão e, máis de noventa anos despois, segue impresionando os lectores e lectoras de hoxe.

VÍCTOR F. FREIXANES

Presidente da Real Academia Galega

ESTUDO INTRODUTORIO
RAUL BRANDÃO, NOTARIO MORALISTA
DA SITUACIÓN DA ILLA DO CORVO
(OS AÇORES) EN 1924

XESÚS ALONSO MONTERO

*Catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela e
membro numerario da Real Academia Galega*

PRÓLOGO NECESARIO

Quero que o meu corpo seja sepultado no cemitério da ilha do Corvo, a mais pequena das dos Açores [...]; são gentes agradecidas e boas, e gosto agora da ideia de estar cercado, quando morto, de gente que na minha vida se atreveu a ser agradecida.

Do testamento de MOUSINHO DA SILVEIRA

N o ano 1924, un escritor portugués, xa recoñecido e consagrado, decide viaxar ás illas dos Azores, daquela moi pouco coñecidas polos compatriotas do continente e, dalgún xeito, subestimadas. O escritor, Raul Brandão, publica, dous anos despois, as impresións e reflexións suscitadas por aquel periplo (tamén pola illa de Madeira). Titulou

o libro, consecuentemente, *As Ilhas Desconhecidas* (1926). O viaxeiro visitou, en primeiro lugar, a illa do Corvo, a más pequena, pobre e illada do arquipélago. Aínda así demorouse nela más ca noutras illas, incluída a de San Miguel, berce e tumba do escritor suicida Antero de Quental, un dos grandes poetas da Europa do século XIX.

Por que tanta atención ó Corvo, illa minúscula, bastante pobre, de moi escasa poboación, sen monumentos reseñables e presidida polo Caldeirão, un volcán que, séculos antes, impregnara de negrume, coa súa lava, a illota enteira? Hoxe sábese que o noso escritor, algúns anos antes, tiña noticias, más ou menos precisas, das peculiaridades da sociedade corvina, noticias que transmitiu por carta, entusiasta, a varios colegas, un deles o noso paisano Antonio Noriega Varela, quen, con entusiasmo tamén, fállellas chegar a algúns escritores. Cando Brandão abandonou o Corvo, comunicoulle a un amigo, o escritor Teixeira de Pascoaes, que regresaba “deslumbrado” polo que vira. Así pois, a illa, da que algo sabía, non o decepcionara: “deslumbrouno”.

Non era para menos. Aqueles 660 veciños, todos eles habitantes da “capital”, a única entidade de poboación da pequena illa, protagonizaban un tipo de existencia, uns xeitos de vida e unhas formas de relacionárense que, sen ser Brandão sociólogo ou etnógrafo, ficou “deslumbrado”. O escritor, insituído en cronista, legounos un relato antolóxico dun microcosmos social e vivencial que non tiña par, na realidade, en ningún territorio de Europa hai cen anos (lémbrese: a viaxe foi en 1924).

O viaxeiro chegou a unha illa en que non había ricos nin pobres, unha illa onde, non habendo moita fartura, non existía a fame e onde ningún veciño pedía esmola. Alí, ninguén non traballaba a súa labranza e todos andaban descalzos, mesmo o presidente do concello (“cámara”), e descalzos estaban, nas deliberacións, as dúas ducias de vellos que eran “homens de fala”, homes de palabra que coas palabras, arranxaban os litixios da comunidade.

Vida dura e monótona —reitera o cronista— nunha illa incommunicada e moi castigada polo vento, nun existir en que cada día se repiten os xestos e as palabras, “a mesma media ducia de palabras”, e así ata a morte. Pero aquí non existe o crime, nunca houbo “un asasinato ou un roubo”. Nesta illa as portas están sempre abertas e non teñen chave, costume á que tardou en afacerse o noso viaxeiro, educado noutras latitudes, noutra cultura. Tamén os muíños teñen as portas abertas para quen queira ir buscar a fornada despois de moída. É a mesma xente que se atopa, nun camiño, cousa dalgún valor, cóllea e, decontado, lévaa á porta da igrexa para pendurala dun cravo, dun “prego”, e alí estará mentres non chega o seu verdadeiro dono.

Pero a vida é dura, monótona, sen outros horizontes —insiste o cronista—, quen detecta nas xentes “resignación e dor”, nas mesmas xentes coas que o escritor, ás noites, cea, sabendo, por eles, que a esa hora nin o veciño máis humilde carece de abrigo. Tal vivir, tal harmonía social, terá que deberse —cavila o cronista— á relixión, e conclúe que “O Corvo é unha democracia cristiá de labradores”. Quen fai esta afirmación é un escritor, Raul Brandão, para quen “a vida sen consciencia

relixiosa non é posible”, que dixo noutra ocasión. É o Brandão que, ante esta “democracia cristiá”, precisa que “Cristo e a palabra” é quen produce esta comunidade ateigada de virtudes, “este home puro”.

Ó observador e cronista Raul Brandão debemos este documento socioeconómico e etnográfico que non suscitou, nin onte nin hoxe, os comentarios debidos, os comentarios condignos. O viaxeiro, que era escritor, foi recollendo datos, diálogos, ditos e comportamentos en boa parte insólitos. Recolleunos como cronista, pero tamén como moralista, un moralista de conformación católica que fala e xulga certas realidades, más ou menos, desde os Evanxeos tradicionalmente interpretados. Está claro que o escritor bateu cunha realidade tan peculiar —con tantas e tan insólitas peculiaridades— que se viu na obriga, ó contalas, de preguntarse polas razóns que facían posible, en pleno século xx, nun territorio politicamente europeo, un comportamento daquelas características, un comportamento case arcádico.

Por se fose pouco, as páxinas do cronista, nomeadamente as referidas á illa do Corvo, son, literariamente, excelentes, tamén cando nelas fai falar os seus hospitalarios anfitrións e acompañantes, algúns dos cales deixa caer, interpelándoo, propostas desta entidade: “Ensínenos algo. O que nós queremos é que nos ensinen a ser ricos”. Este desafío aconteceu, querido lector, nunha terra en que non había cárcere, nin homicidios, nin persoa enferma desasistida polos veciños, nin roubos; nunha terra onde o alcalde vestía e calzaba coma o resto da xente, onde os menos humildes labraban as súas propias terras

e onde se durmía ás noites coas portas abertas, como lle aconteceu ó desconcertado cronista deste relato.

Contra o que o lector poida sospeitar, os corvinos eran xentes dun sentimento da propiedade privada moi acentuado, por pequena que fose a casa familiar, por cativo que fose o eido herdado ou por escasa que fose a facenda propia en cabras e ovellas. O que había no Corvo, lonxe de prácticas comunistas, era un fondo sentimento de solidariedade nunha sociedade moi igualitaria onde a moral social impedía o desamparo do enfermo, o abandono do necesitado e a apropiación do alleo.

Condenados a viviren naquel “rochedo” uns cantes centos de persoas, non se detestan nin se hostigan por seren “cristiáns”, opina unha e outra vez Raul Brandão, que non fixo o esforzo, na nosa opinión, de sospeitar outras razóns.

Tamén foi parco, o que é magoa, cando, nas súas páxinas, aparece (episodicamente) a muller, da que case nada nos di: nin do amor, nin do cortexo, nin do sexo, nin das súas diversións. Si pon na boca da señora Emilia un dato histórico desconcertante: “Hai algo menos de cincuenta anos as raparigas bañábanse espidas diante do pobo”. Nin unha palabra máis. Pero a señora Emilia —quizais, no seu día, unha daquelas nudistas— nin ningunha outra muller interviña nas deliberacións “políticas” dun “senado” protagonizado polo alcalde da vila e dúas ducias de vellos, de *homes* vellos. Raul Brandão, que non se esquece de afirmar que “a familia é sagrada e as raparigas son puras”, ofrécenos, no que declara e no que elude, o retrato dunha sociedade patriarcal, moi patriarcal. Todo fai pensar que

para este escritor católico anterior a 1930, esta situación non lle creaba inquedanzas especiais.

É evidente que quen fai o retrato da sociedade corvina de 1924 é un escritor dun tempo, dun país e dunha determinada biografía. Nunca foi distinto pero convén recordalo ou telo en conta. Aínda así, o conxunto de realidades que están á espera dunha explicación que teña en conta a dialéctica da historia, non é pequeno. De todos os xeitos, que fermoso libriño o que Raul Brandão escribiu sobre a minúscula illa do Corvo!, un libriño ateigado de sorpresas, de novedades e de elementos que reclaman, dos inquiridores, unha monografía condigna. Este “Estudo introdutorio”, que é un brevíssimo achegamento á aquela realidade social, é, sobre todo, un convite a sociólogos, antropólogos, historiadores... Eu penso volver á illa de 1924 para examinala mellor.

Vigo, 20 de xullo de 2017

UN BREVE ACHEGAMENTO Á OBRA LITERARIA DE RAUL BRANDÃO
(FIGUEIRA DA FOZ, 1867-LISBOA, 1930).

A OLLADA DALGÚNS ESCRITORES GALEGOS DOS ANOS 20

Aínda que chegou a frecuentar o Curso Superior de Letras, foi militar de carreira por vontade dos pais, pero, desde moi novo, dedicou os seus traballos e os seus días, vocacionalmente, á literatura. Estreouse, ós 23 anos, co libro de contos *Impressões e Paisagens*, de 1890. Desde esta data cultivará, além do relato curto, o xornalismo, a novela, o teatro, os escritos memorialísticos e a prosa de viaxes (*Os Pescadores*, de 1923, e *As Ilhas Desconhecidas*, de 1926). É este fermoso e substancioso libro quen nos convoca, nesta ocasión, ante o seu autor.

En Galicia comezou a ser coñecido nos anos 20 mercé ó interese que os homes da revista *Nós* (1920-1936) tiñan por certos escritores portugueses, nomeadamente por Teixeira de Pascoaes (1877-1952). De feito, a primeira presenza de Brandão na revista, como creador, suscítaa *Jesus Cristo em Lisboa* (1928), “Tragicomédia em sete quadros” escrita en colaboración con Teixeira. A reseña, sen dúbida ningunha de Vicente Risco, publicouse no número 54, correspondente ó 16 de xuño de 1928. Obsérvese o ton admirativo do recensionista:

O gran poeta de *Maranos* e o gran prosista de *Húmus* xuntáronse pra soñaren a esperencia da volta de Cristo. A subrime figura do Salvador aparece primeiro n-unha casa da aldeia, ond'o acollen caridosamente e despois en Lisboa, pregando ós humildes. Non trai nada novo, non veu innovar; o Jesucristo de Raul Brandão e Teixeira de Pascoaes non é ningunha mistificazón, nin gunha asimilazón arbitraria —tantas veces sacrilega— do Fillo do Home con calquera caste de rebeldes ou reformadores: é o noso Cristo da tradizón. E as verdades que programa son as que todos sabemos xa hai vinte séculos: Son a Lei d'Amor antr'os homes. Mais pr'apricarmos esa lei coma il quer, teríamos que renunciar á civilizazón de que nos gabamos. É remarcábele a iste respeito o diálogo dos ministros. O terceiro di: “Ele sonha o amor perfeito, a perfeita humildade, a pobreza, un mundo de pobres e choupanes! Andaríamos seis ou sete mil anos para atrás... O mundo, para ser o que é, não pode viver da verdade. O mundo só poder viver da mentira”.

E Jesucristo é de novo crucificado. E despois, volve á casa da aldeia onde primeiro estivo. E, ó despedirse, remata áinda co-as verbas de sempre, co-as verbas eternas:

—“Amai vos uns aos outros”.

Jesus Cristo em Lisboa subtitúlase “Tragicomédia em sete quadros”; ten forma dramática. É mais ben un poema dialogado en prosa, feito probablemente sen intenzón escénica. A sua sinxela grandeza revasa sen dúbida as posibilidades do teatro práutico.

Obra fonda, a un tempo de fe idealista e de sátira, mais humán que social, sobria de expresión, de ningún xeito declamatorio, eloquente sen recursos verbais, sen *latiguillos* nen frases re-

torneadas e sentenciosas, que s'impón sinxelamente pol-a forza do espírito ispida com'unha espada. (p. 119)

Vicente Risco atopa nesta obra un universo ideolóxico e literario moi concorde co seu catolicismo de estirpe moi tradicional, non alleo a unha concepción social reaccionaria, como tantas veces ten dito a crítica.

Sabido é que Teixeira de Pascoaes está moi presente nas páginas da revista *Nós*, xa desde o primeiro número co poema “Fala do sol”, que o escritor de Amarante dedica “aos jovens poetas galegos”. A primeira vez que se cita a Raul Brandão na revista, dirixida, literariamente, por Vicente Risco, é nun artigo de autor portugués: “O aspecto actual da literatura portuguesa”, de Hernani Cidade (*Nós* 9, 31-I-1922, pp. 2-6). O crítico portugués dedica ó noso escritor, no breve capítulo “Prosadores” e no apartado “A vida trágica de Raul Brandão”, estas liñas:

Brandão, sondando a miseria e a dor humanas, en *Os Pobres* abeirando-se da tragédia do banal, no *Húmus*, onde as vidas se estiolam e marasmam emparedadas no hábito, algemadas no preconceito, os olhos vendados pela aparência, bem que sentindo a vida espléndida e dionísica, marulhando incitamentos de revolta, de en torno ao cárcere, realiza uma arte sombria, que nos opri-me de pávida angustia como se caminhásemos sobre cristas de abismos subterraneos. (p. 5)

Raul Brandão non suscitará atención literaria nas páginas da revista *Nós* ata xuño de 1928, data na que Risco, moi ga-

banciosamente, reseña *Jesus Cristo em Lisboa*, reseña suscitada, sen dúbida, por ser coautor da obra un escritor portugués “da casa”, Teixeira de Pascoaes, que Risco reverenciaba.

Pero hai unha obra de Brandão que interesou a Nós, a Vicente Risco, un pouco antes: un libro de viaxes, o que hoxe nos convoca: *As Ilhas Desconhecidas. Notas e paisagens*. Publicado en 1926, Risco reséñao algúns meses despois, no número 45 da revista (15-IX-1927). Fíxoo nestes termos:

“Raúl Brandão é o maior escritor de Portugal e, tal vez o maior escritor contemporáneo”; diz d'il o gran Teixeira de Pascoaes. Da sua orixinalidade poderosa faláranos hai tempos en *Nós* (núm. 9, xaneiro, 1922) Hernani Cidade. A sua obra é xa abondosa; novelas: *A Morte do Palhaço*, *A Farsa*, *Húmus*, *Os Pobres*, teatro: *O Maior Castigo*, *Noite de Natal*, *O Doido e a Morte*, *O Gêbo e a Sombra*. N-elas apresenta unha visión sombría do mundo e da vida, amos-trada n-unha prosa persoal, sen retórica e fondamente emotiva. Libros que n-iste tempo de volta ó retoricismo dan unha extraor-dinaria impresión de força e de verdade: a vida tristeira ou leda, a s'affirmar por antr'as esmorecidas entelequias páleadas dos escrito-res qu'adoitamos lér.

Outra obra de Raúl Brandao, *Os Pescadores*, primeira d'unha serie: *A Vida Humilde do Povo Português* (que ha comprender tamén *Os Labradores*, *Os Pastores*, *Os Operários*, paralela á *Historia Humilde do Povo Português*) abriu, a decir dos seus comentadores, unha era nova na sua maneira, agora aberta á luz, así com'enantes era sombriza *Os Pescadores* contén paisaxes, tipos e vida de toda a costa portuguesa: *De Caminho á Póvoa*, *Foz do Douro*, *Ría de*

Aveiro, Lisboa, Setúbal, Cezimbra e Caparica, Sagres, a pesca da sardiña, a pesca do atún, cadros d'emoción fonda, ond'atopamos todo o noso mar.

D'un xénero imitante é iste das *Ilhas Desconhecidas*, libro adicado ás illas Acores. Com'o outro, é un libro feito con notas de viaxe “quási sem retorques”, di o autor. Láyase de non poder “pintar com palabras”, mais dificilmente haberá quen millor teña pintado con verbas, coma Raúl Brandao n-iste libro, onde fai ver a coor c'unha forza expresiva verdadeiramente extraordinaria. Con verbas, xunta os procedementos todos da pintura: esquematiza, deseña, divide os tons, engade veladuras ou lava e lambe, empasta e embastece as tintas coma lle convén pr'o efecto de que o leitor vexa canto il descreve. É verdadeiramente dino de nota o análise que fai da luz das Acores, que il descompon de mil xeitos nos seus elementos coma faría un químico. Asina, coma nos *Pescadores a de Portugal*, eiquí atopamol-a vida toda das Acores, e toda a sua beleza.

Raúl Brandao, gran prosador, é ben dino por istes libros de figurar antr'os poetas atlánticos. As *Ilhas Desconhecidas* fíxonos lembrar mais d'unha vegada *The Aran Islands*, de Synge; un e outro libro conteñen dous anacos do mapa espiritual do noso Atlántico. Son novos viaxes de Descoberta.

Desvelado e ainda mais que desvelado, asasinado, o misterio de Alén-Atlántico, fica ainda o misterio d'eiquí, da nosa banda, o Atlántico vello, con tradición e con alma, qu'os viaxes espirituás dos Brandão e dos Synge vennos revelar, coa ventaxa de qu'eiquí nono pode matar o criollismo. (pp. 18-19)

A reseña dedícalle moi poucas liñas a libro tan importante e especial, aínda que non é parco á hora de gabar o autor. De feito, consciente de que é moi pouco coñecido entre nós, abre a recensión cun ditirumbo maiúsculo: “Raul Brandão é o maior escritor de Portugal e talvez o maior escritor contemporaneo”. Acto seguido aclara que se trata dun xuízo do “gran Teixeira de Pascoaes”, o que non é unha mala presentación para os lectores de Nós. Media ducia de liñas dedica ó tema da viaxe, pionera en certo modo. Son liñas en que salienta a “coor”, a “luz” e a “beleza” das illas dos Azores, omitindo aspectos esenciais daquela sociedade, omisión notoria en quen, alén de escritor, era xeógrafo, especialista en Etnografía, un pouco sociólogo e un tenaz moralista. O día que batín coa reseña do ilustre erudito ourensán fiquei bastante decepcionado de que un polígrafo das súas características non reparase, como mínimo, en non poucas páxinas dedicadas á illa do Corvo, un sorprendente documento de 1924 que deben orixinar, no seu tempo, estudos académicos e non académicos de importancia. Pero teremos ocasión de dialogar —e de polemizar— con don Vicente. Por se fose pouco, Risco afirma que é un “libro dedicado ás ilhas Acores”, afirmación en que omite un capítulo importante, o final, dedicado á illa de Madeira.

Polos epistolarios tidos en conta no presente traballo, sabemos que, naquelas datas, lerón con interese obras de Brandão varios escritores galegos: Noriega Varela, Álvaro Cebreiro, Blanco Torres... Antonio Noriega Varela (1869-1947) diríxese ó propio Brandão, en 1924, nestes termos: “¡Qué divinas palabras [as d’Os Pescadores, 1923], resplandecientes de belleza!”

(carta de 27-I-1924, en X. R. Freixeiro Mato, II, 399). Álvaro Cebreiro (1903-1956) confésalle a Teixeira de Pascoaes (15-V-1924): “Ha tempo recebi, dedicados pelo autor, o grande Raul Brandão, os livros *Teatro*, e *Os Pescadores* dos que gostei inmenso, especialmente do segundo” (V. E. Álvarez e I. Alonso Estravís, p. 166). Tamén é Teixeira quen recibe noticias gozosas de Roberto Blanco Torres (1891-1936) en carta do 18 de febreiro de 1928: “He recibido y leído con fruición hondísima la tragicomedia *Jesus Cristo em Lisboa* de V. y de Raúl Brandão. Es una verdadera joya literaria... [...]. Ruégole transmíta mi gratitud y mis saludos al Sr. Brandão, cuyas obras anteriores ya había leído con deleite...” (id., p. 209). Hai, nestes anos 20, algúns outros lectores dos libros de Raul Brandão.

É doadto concluír que a relación literaria entre Raul Brandão e os escritores galegos desta década debeuse, en moi boa medida, a Teixeira de Pascoaes. Pola miña parte, nos estudos biográficos consultados non atopei referencias a viaxes de Brandão a Galicia. Si sabemos que nun periplo europeo de 1906 (Londres, Le Havre, Lisboa) fixo escala no porto de Vigo.

UNS CANTOS DATOS SOBRE AS ILHAS DESCONHECIDAS DE RAUL BRANDÃO

Co título *As Ilhas Desconhecidas. Notas e paisagens*, publicouse no ano 1926 por Francisco Alves (Rio de Janeiro), Lívraria Aillaud (París) e Bertrand (Lisboa)¹. O libro foi moi ben

1. Nunca consultei a primeira edición. A ficha editorial que consigno é a que figura en distintos traballos consultados por min.

acollido nun principio, e a proba está nas catro edicións que saíron entre 1926 e 1927.

O autor foi acompañado pola súa esposa, Maria Angelina, autora dun libro “para crianças”, *Portugal Pequenino* (1930), no que contou coa colaboración do seu home. Tamén o acompañou, só por “algumas ilhas”, o escritor Vitorino Nemésio (1901-1978), daquela moi novo. Nemésio, azoriano nado na illa Terceira, escribiría, logo, en varias ocasións sobre o ilustre viaxeiro, sobre todo en *Sob os Signos de Agora* (1931). Cómpre aclarar que nas súas páxinas nunca cita a Vitorino Nemésio nin sequera a súa esposa. Nemesio, sempre moi agradecido a aquel encontro no seu arquipélago, visita, en 1927, na compañía da súa esposa, o vello escritor na súa quinta do Alto (Nespereira), pretiño de Guimarães. Hai que supor que conversaron sobre *As Ilhas Desconhecidas*, editadas un ano antes.

Para lermos *As Ilhas Descoñecidas* convén ter moi en conta unha breve nota preliminar do autor, que figura desde a primeira edición. Esta:

Em três linhas.

Este livro é feito com notas de viagem, quase sem retoques.

Apenas ampliei um ou outro quadro, procurando sempre não tirar a frescura às primeiras impressões. Tinha ouvido a um oficial de marinha que a paisagem do arquipélago valia a do Japão. E talvez valha... Não poder eu pintar com palabras alguns dos sitios pintorescos das ilhas, despertando nos leitores o desejo de os verem com os seus propios olhos!...

1926

R. B.

Sabido é que moitos dos comentaristas do libro teñen salientado a sensibilidade de Brandão á hora de captar con palabras o cromatismo e os matices paisaxísticos das distintas illas, e tamén se sabe que foi, nos momentos de ocio, pintor, e que é autor dun retrato, estimable, do seu amigo Teixeira de Pascoaes. Na oportunidade nota preliminar, Brandão quéixase de non “poder eu pintar com palabras” o que vían os seus ollos. A crítica, en efecto, ten posto o acento no valor plástico da crónica deste escritor viaxeiro, subestimando, ó meu ver, outros aspectos moi valiosos do libro. Son os que están ben presentes nas páxinas dedicadas ó Corvo, ós corvinos e ás corvinas.

Habería que facer un estudo sobre a fortuna deste libro de viaxes dentro e fóra de Portugal: edicións, traducións, comentarios... En Galicia, espíritos moi atentos coñecérono moi cedo, e aí está a entusiasta reseña —anónima— de Vicente Risco, reproducida neste traballo. No mesmo mes e ano publica o artigo “Lembranza de Teixido” (*La Voz de Ortigueira*, 3-IX-1927) onde expresa este desexo:

Mais o misterio de Teixido ficara sen esparexer, e para ben dalo á xente, cumpría un libro como o que o irlandés Synge adicou ás illas Aran, ou o que o portugués Raul Brandão adicou ás illas Azores².

O título das dúas obras repítense na reseña de Nós, unha proba máis de que o texto é de Risco. O libro que “cumpría” escribiuno Otero Pedrayo co título *Pelerinaxes I*, crónica da

2. O artigo reproducéo Otero Pedrayo en *Pelerinaxes*, pp. 176-177.

viaxe que fixo en 1927, na compañía de Vicente Risco e Ben-Chó-Shey, a Santo André de Teixido.

Sen dúbida os escritores galegos que temos mencionado lerón o libro de viaxes de Brandão, pero os epistolarios coñecidos non nos achegan datos verbo desta cuestión, nin sequera de Noriega Varela. Del é unha carta a Teixeira de Pascoaes (1-6-1927) en que menciona o libro sen valoralo, sen dúbida porque áinda non o lera:

Hoy mismo voy a contestarles a dos portugueses ilustres: Raul Brandão, que hace muchos días me envió *As Ilhas Desconhecidas*, y a Antonio Carvalhud, de Foz de Douro, que se dignó aun antes ofrendarme su bella colección de sonetos *Esfinge* (Freixeiro Mato, II, p. 426).

Hai que supoñer que Noriega áinda non comezara a lectura do libro de Brandão.

Xa nos nosos días, unha editorial coruñesa, Ediciones del Viento, publicou, con título abreviado (*Las islas desconocidas*, 2009), a tradución castelá de María Tecla Portela Carreiro, autora, tamén, do prólogo e de 164 interesantes notas.

En canto a min, cheguei tarde, bastante tarde, a algunha obra de Raul Brandão. Estimuloulome non pouco, a partir de 1969 ou 1970, o meu grande amigo Joaquim Santos Simões, que, desde que se asentou en Guimarães, foi un promotor da obra literaria de Brandão, nomeadamente do seu teatro, que tamén representou. Cheguei tarde, moito más tarde, ó libro que hoxe nos ocupa, *As Ilhas Desconhecidas*. De feito, lino en

agosto do ano pasado (2016), lectura que fixen *in situ*, na illa de San Miguel (a de Antero de Quental). Foi na viaxe que fixemos a aquela comunidade autónoma acompañando a don Miguel Santalices, presidente do Parlamento de Galicia, quen, na compaña de varios deputados galegos, facía unha visita institucional á Cámara Regional do arquipélago portugués. Para sorte miña, figuraba naquela embaixada o profesor Ramón Villares, un dos homes máis lidos que coñezo (íá como presidente do Consello da Cultura Galega, e eu, como presidente da Real Academia Galega). Foi el quen me indicou que, no libro de Raul Brandão, as páxinas dedicadas á illa do Corvo contiñan elementos “de tipo comunalista” dignos de seren lidos e meditados. O libro, que lin nas *Ilhas*, relino con moita atención xa en Galicia. Por iso me sorprenden tanto os silencios de don Vicente Risco e dos seus discípulos no eido da Etnografía.

En xaneiro do presente ano, co gallo dunha viaxe a Lisboa, retomei a miña relación cun vello amigo a quen coñecín de estudante, en abril de 1969, na Universidade de Coímbra: Joaquim Pais de Brito, que foi, nos últimos anos, director en Lisboa do Museu Nacional de Antropología. A el debo a fotocopia dun libro de Leite de Vasconcelos nunca reeditado, *Mês de Sonho* (1926), un libro de máis de trescentas páxinas co que construíun unha parte deste estudio introdutorio.

Agora ofrecemos un texto moi valioso de Raul Brandão en lingua galega, o primeiro deste grande escritor portugués no noso idioma. Fixo a tradución Xesús Rábade Paredes, un dos importantes escritores das nosas Letras. Profesor, poeta, na-

rrador e autor de libros de texto, era a persoa acaída para enfrentarse ás páxinas de Brandão, labor que realizou con criterio de escritor e sempre consciente de que os sistemas lingüísticos moi próximos teñen os seus perigos. Cómpre salientar, tamén, o valor das precisas notas que ilustran a súa tradución galega.

UNHA MISIÓN ÓS AÇORES EN 1924: UN GRAN LIBRO
DE JOSÉ LEITE DE VASCONCELOS

O libro do gran polígrafo, consecuencia da viaxe de 1924, ten un título, non exento de poesía, que non apunta ó seu contido: *Mês de Sonho*. Si apunta o subtítulo do volume: “*Conspecto de Etnografía açórica*”. No “proémio”, o sabio profesor láiase de que os Azores están moi lonxe (“gastam-se cinco días incompletos... de navegação”) e tamén lamenta que no continente sexa moi difícil conseguir libros e revistas que se editan nas illas. Mesmo recoñece:

Confesso que, a pesar de viver entre livros, só recentemente soube que Portugal possuía a *Revista Michaelense*, e outra chamada únicamente *Os Açores*, ambas ilustradas, e de copiosa información local, e que me vi en dificuldades para obter a colección do *Archivo dos Açores*, importantísimo repositório histórico (p. 14).

Quen escribe estas palabras é o profesor Leite de Vasconcelos (1858-1941), daquela (ano 1924) xa no cumio do seu predicamento como estudoso das características etnográficas

e lingüísticas do seu país, as dúas realidades que vai investigar na súa misión científica ás illas. Nese “proémio” terá palabras de gratitud para os organizadores da viaxe destinada a mitigar o “semi-esquècemento” do arquipélago: “A redacção do seu mui notável jornal, o *Correio dos Açores*, representada pelo D^{or}. José Bruno Carreiro, e secundada por outros beneméritos açorenses, e pela Empresa Insulana de Navegação”. Foron eles, engade o vello profesor,

os que entenderam dever convidar um grupo de continentais para visitarem as Ilhas, os quais depois, na volta, revelassem as impressões colhidas: e assim se sacudisse un pouco a apatia que para com os Açores domina o geral da nação, inclusive os Gobernos (pp. 14-15).

Foron moitos os convidados, o que proba que os organizadores daquela embaixada cultural estaban seriamente comprometidos coa idea de que o arquipélago, despois de coñecido, fose explicado, no continente, nun número elevado de tribunas. O propio Leite matiza que a acollida, importante sen dúbida, non foi moi ampla:

O convite foi recibido de braços abertos: o grupo, deminuido porém de muitos convidados, a quem por fin sobrevieram obstáculos que os impediram de embarcar, largou de Lisboa en Maio de 1924, e andou un mês polas Ilhas, verdadeiramente nun sonho (p. 15).

Foi un *sonho* para o noso estudosos que nunca investigase *in situ* a realidade do arquipélago, e foino, tamén, para o cidadán José Leite de Vasconcelos, feliz coa idea de que os Azores saisen do semiesquecemento. En nota, a 3, o autor consigna o nome dos “misioneiros”, que foron nove: “Antero de Figueiredo, Armindo Monteiro, Trindade Coelho, Joaquim Manso, D. Luis de Castro (Conde de Nova Goa), Luis de Magalhães, D. Manuel de Bragança, Teixeira Lopes e o autor destas linhas”. Entre os nove —moitos menos dos convocados— hai nomes xa daquela recoñecidos (Antero de Figueiredo, Trindade Coelho, Luis de Magalhaes, alén do “autor destas linhas”). Aclara o noso cronista que ían “como membros da missão”, cadanseus representantes do *Diário de Notícias*, *A Época*, *O Século*, *Comércio do Porto* e *Correio dos Açores* (p. 71).

O froito máis sólido e valioso daquela misión científica foi o libro de Leite de Vasconcelos: *Mês de Sonho, Conspecto de Etnografía Açórica*, Lisboa, Imp. do Museu Comercial, 1926. Nel relata o periplo dos misioneiros de Lisboa (23-V-1924) a Lisboa (26-VI-1924), deténdose nas nove *Ilhas açoricas*, nomeadamente na de San Miguel, a illa do grande Antero de Quental, e facendo unha brevíssima visita á de Madeira (o 24 de maio). Tamén Raul Brandão visitou, aínda que por máis tempo, esta illa.

Cómpre resaltar que a viaxe de Brandão e a de Leite de Vasconcelos e os seus compañeiros coincidiron nalgúns días do mes de xuño, aínda que, como observadores, non fosen, en ningún momento, hóspedes da mesma illa. Raul Brandão, alleo á “misión”, viaxou, como escritor, por decisión persoal; en

canto ó grupo do profesor Leite de Vasconcelos, móveos un afán científico e patriótico, pois patriótico é proclamar a existencia e a peculiaridade duns territorios portugueses moi pouco coñecidos (e, por tanto, dalgún xeito, subestimados) en Lisboa, O Porto, Coímbra... Isto desde a ollada dos misioneiros porque, desde a ollada dos organizadores da misión, había, sen dúbida, un patriotismo insular (un sentimento autonómico) que xa se tiña manifestado, dalgún modo, noutros aspectos. Dalgunha maneira, a descentralización de 1836 foi un primeiro paso para chegar, en 1976, á creación da Região Autónoma dos Açores. Pero a misión, liderada polo prestixio académico e intelectual Leite de Vasconcelos, era algo novo nesta estratexia máis ou menos autonomista: que a “intellegerenzia” do continente levantase acta da existencia, da importancia e das peculiaridades do arquipélago.

Pensamos que o libro do profesor Leite de Vasconcelos, *opus magnum* da misión, esixe, pola nosa parte, unhas consideracións. Trátase, en realidade, dun volume que consta de tres partes:

- a) “Discurso pronunciado na Académia das Sciencias de Lisboa, em 17 de Maio de 1925...”

O cidadán Leite de Vasconcelos, once meses despois do regreso da misión científica, le, en tribuna tan prestixiosa, un discurso de 56 páxinas (pp. 13-69) onde sintetizou a súa colleita etnográfica (e non, precisa, a dialectolóxica, que reservou para traballos posteriores seus). Nesa síntese ofrécenos algúns textos da literatura tradicional en verso. Ó final do “Dis-

curso” figurán 101 notas (pp. 41-77) que, sen dúbida, non leu naquela ocasión.

b) Estampas e explicacións (pp. 79-130).

c) “Apéndice: Roteiro de Lisboa aos Açores (e viceversa)” (pp. 133-319).

Ofrécenos, neste capítulo, un número considerable de textos tradicionais, nomeadamente “canções”. Salientemos outro capítulo, “Algumas particularidades da vida de Antero”, con datos biobibliográficos sobre o gran poeta hai tempo tidos en conta polos biógrafos do escritor, a quen Leite coñeceu sendo estudiante no Porto.

Cando, neste “Estudo introdutorio”, me centre na illa do Corvo, volverei sobre este libro do profesor Leite de Vasconcelos para ilustrar pasaxes do de Raul Brandão.

AS MAXISTRAIS PÁXINAS DE RAUL BRANDÃO SOBRE A ILLA
DO CORVO FORON LIDAS E VALORADAS, ONTE E HOXE,
AXEITADAMENTE?

I. *Datos mínimos sobre a illa*

Das nove illas do arquipélago, a do Corvo é a más pequena e a menos poboada: 16 quilómetros cadrados e 480 habitantes (nas datas en que a visitou Brandão, 660, cifra consignada polo propio escritor). El mesmo observa que “a emigração [a Estados Unidos e Canadá] leva muita gente” (p. 103). A illa só conta hoxe, coma onte, cunha entidade de poboación, Vila do Corvo (a capital!).

O carácter volcánico dos Azores é moi evidente nesta pequena illa, onde existe un cráter de 300 metros de fondo e un

perímetro de 3.400. É, a 550 metros de altitude, o Caldeirão, que contén, no seu interior, dúas lagoas. Cando Raul Brandão desembarcou no Corvo, o 17 de xuño de 1924, expresouno deste xeito: “É com apreensão que desembarco no sitio mais pobre e mais isolado do mundo” (p. 69).

O escritor, sempre con inclinacións de pintor, fica impresionado pola cor negra: “Pedra negra, areia negra...” (p. 71). É a lava que impregnara de negrume o territorio todo.

O arquipélago foi descuberto e poboad o no século xv, desde 1427 a 1452, ano en que se descobren as dúas illas más pequenas: Flores e Corvo. A esta xa se referían os cartógrafos xenoveses do século xiv co nome *Insula Corvi Marini* (Illa do Corvo Mariño)³.

Non teño noticia de que no Corvo, illa tan pequena e tan illada, nacese e se formase alguén que destacase nalgúns dos eidos do saber. Convén, porén, rexistrar o nome de João Saramago, autor, en 1988, dunha tese de doutoramento (Universidade de Grenoble) publicada, catro anos despois (1992), co título *Le parler de l'île de Corvo. Açores*. Coa tese estrououse a colección Hors, serie da revista *Géolinguistique*. Os editores refírense ó autor nestes termos: “João Saramago y est né et y a passé son enfance en portageant la vie de la petite communauté insulaire qu'il quitte plus tard pour poursuivre ses études secondaires puis universitaires. Devenu ensuite linguiste et dialectologue, il y revient pour en étudier le parler qu'il n'a jamais oublié et qui fait l'objet de cet ouvrage”. Conclúen o retrato os editores con esta observación:

3. Datos tomados do libro de Elisa Cabral de Oliveira, *Azores responsable*, 2017.

Rieu de commun donc avec une monographie traditionnelle: le travail de João Saramago dépasse le cadre de l'insularité pour situer le parler de son pays natal dans le cadre plus vaste d'une géolinguistique portugaise et romane.

Non era Raul Brandão lingüista, pero era un viaxeiro atento a todo, tamén a aquela “lingua gasta como as velhas moedas” (p. 78). É mágoa que non examinase máis ca unhas poucas palabras, onde os vellos falaban “uma lingua desenterrada”, unha lingua en que se empregan “frases e termos que nunca ouvi e desconheço” (p. 79).

II. *Raul Brandão: viaxar ós Azores (coa illa do Corvo como tarefa fundamental?)*

1. Un mapa social e antropolóxico sorprendente

Quen lese cun pouquiño de atención as páxinas de Brandão sobre o Corvo e os corvinos (ou corvenses), non esquecerá algunhas das realidades consignadas, non sen emoción, pola pluma do escritor:

- “... casas denegridas, onde vivem o homem e o boi”
- “Não há médico, nem botica, nem cadeia”
- “As portas não tem chave”
- “Não há ricos nem há pobres”
- “... todos os vizinhos se ajudam” (p. 72)
- “No Corvo... à noite não há desgraçado sem abrigo” (p. 73)
- “Vou-me habituando a ficar com a porta aberta. Agora durmo de um sono...” (p. 77)

- “Nunca houve no Corvo um assassinato ou um roubo” (p. 80)
- “Nunca vi como nesta ilha tão extraordinario sentimento de igualdade” (p. 81)
- “As pequeninas vacas originárias da ilha —que vão acabar e é pena— são duma inteligência e duma meiguia extraordinarias: falam-lhes e elas respondem...” (p. 90)
- “Os pássarnos são familiares. Ninguem lhes faz mal”
- “Não há uma questão —vivem unidos como irmãos— quem precisa dum arado vai buscá-lo a casa do vizinho” (p. 101)
- “aqui não há desgraça —aqui não há fame— aqui não há inxustiça” (p. 102).

Escollín este dodecálogo, formulado coas palabras do propio escritor, que nos ofrece —penso— unha idea bastante clara das prácticas communalistas, dos sentementos de solidariedade, da sociedade igualitarista, do agarimo coa Natureza, dos critérios de xustiza... dos habitantes do Corvo.

Temos noticias de que, cando Raul Brandão decide viaxar ós Azores, faino pensando, fundamentalmente, no Corvo, a primeira illa que visita e onde o viaxeiro-estudoso se demorou catorce días, tempo que significou unha atención especial. Polo poeta galego Antonio Noriega Varela, moi vencellado a Teixeira de Pascoaes e a outros escritores do norte de Portugal, sabemos que Raul Brandão non só tiña noticia das peculiaridades sociolóxicas da illa, senón que estaba impresionado por elas. Mesmo é lícito pensar que a súa viaxe ás *ilhas desconhecidas* fixoa para coñecer e dar a coñecer o sorprendente mapa social e antropolóxico da illa do Corvo.

2. Dúas cartas moi significativas de Noriega Varela anteriores ó periplo azoriano

Desde Trasalba, onde o poeta era mestre de escola, escribe-lle a Teixeira de Pascoaes o 10 de xuño de 1924:

Su buen amigo, el gran Raul Brandão, si ya no marchó, debe partir pronto para Azores. Va a un pueblecito de originalísimas, de ideales, bonísimas costumbres. Allí, por lo que se dignó participarme, no se cierran las puertas de las viviendas y la llave de la parroquial iglesia, noche y día está en un clavo, al alcance de los piadosos habitantes.

Y si alguno necesita un apero, o una herramienta, despreocupadamente la toma del vecino sin más explicaciones... Ni soñado, un país tan excepcional. Y allí va Raul Brandão a escribir un libro y también con el objeto de dar cima a otros que tiene comenzados. Son Vds. archisuperiores, inagotables artistas!

¡Que el Señor conserve por muchos años vidas tan valiosas! (Freixeiro Mato, II, p. 408)⁴

Esta carta permítanos afirmar que Brandão e Noriega tiñan relación epistolar, unha relación que ía máis alá do protocolario. En efecto, na carta aludida por Noriega, probablemente extensa, Brandão non só lle comunica que vai emprender unha viaxe literaria, senón que lle ofrece un resumo das peculiaridades do lugar, para o propio Brandão, sen dúbida (e para Noriega), moi

4. Tamén a publicaron, cinco anos despois, E. Álvarez e I. Alonso Estravís no seu libro (p. 173).

sorprendentes. Nas que reproduce o poeta galego hai un erro, imputable ou non a Brandão: o tema da chave da “parroquial iglesia”. Na crónica do viaxeiro portugués faise referencia a un costume distinto: “Se acham alguma coisa no caminho vāo pendurá-la num prego á porta da igrexa” (p. 80).

Dous días despois (12-VI-1924), Noriega escribelle, tamén desde Trasalba, ó poeta de Moncão João Verde⁵, e faino, verbo do proxecto literario de Brandão, en termos moi semellantes:

Días ha, recibí carta de Raul Brandão, que, si ya no partió, debe marcharse enseguida para Azores. Va, según me cuenta, para un pueblecito muy original, de corto vecindario pero con mu-chísimos atractivos. Bástete decir a Vd. que día y noche están francas las puertas de las humildes viviendas, que la llave de la parroquial iglesia constantemente está en un clavo, a disposición del piadoso viandante, y que, cuando un individuo tiene necesidad de un apero, o de una herramienta, con la mayor frescura la recoge en la casa que mejor le plazca.

Dichosos moradores!

A este país, que parece de romancero, va el gran novelista lusitano para escribir un nuevo libro y para dar cima a otros que tiene comenzados. Estoy aturdido de lo que ahí trabajan ingenios prodigiosos (Freixeiro Mato, II, p. 411)⁶.

Comete Noriega o mesmo erro da chave e menciona, de novo, o “pueblecito” tan orixinal, sen dúbida Vila do Corvo, a

5. João Verde, pseudónimo de José Rodrigues Vale (1866-1934).

6. A carta publicaa por primeira vez Pedro da Silveira no seu traballo de 1986.

capital —e única entidade de poboación— da singular illa azoriana. Que, noutra carta, volva sobre o tema, proba o impactado que quedou Noriega Varela con aquela idílica realidade social. Baixo a mesma impresión navegaba Raul Brandão cara á illa do Corvo. A realidade non o decepcionou. En carta a Teixeira de Pascoaes, escrita moi pouco despois de deixar á Ilha Negra (5-VII-1924), comunicálle: “Estou nas Flores. Venho do Corvo deslumbrado. Lá lhe contarei” (Brandão-Teixeira, p. 123).

Nesas datas, compara as dúas illas visitadas e fai esta reflexión:

De illa a illa —Corvo e Flores— vāo quince milhas —mas que distancia as separa!... Aquí há escrivães de fazenda —empregados públicos—, senhores e plebe. Compreendo o Corvo, non comprehendo os intereses mesquinhos, moídos e remoidos numa pequena vila isolada a cem leguas do mundo (p. 109).

3. O que Raul Brandão non nos contou do Corvo

Nun interesante estudo de Pedro da Silveira, de 1986, este autor, especialista na obra do noso escritor, fai unha revelación que, ata onde sei, aínda non tiveron en conta os eruditos no tema. Aclara que consultou os cadernos de notas do viaxeiro Brandão, nomeadamente o segundo e o terceiro, referidos ó Corvo e á illa de Flores, onde detecta presenza de rexionalismos e topónimos, estes, ás veces, na versión impresa, errados. O estudoso sospeita que Brandão, xa moi ó final da súa vida, “não escrevia ele próprio, ditava a sua mujer ou a outro

eventual secretario...” (p. 27). Mais adiante refírese a versos da tradición que lle cantou ó escritor portugués unha muller “filha de padre”. Estes seis, pertencentes ás “Vacas lavradas”:

*O minhas vacas lavradas
quando vão p’ra sarradela
dão meia canada de leite,
mas não cabe na panela.*

*E bem gordos, bem formosos
os bezerros atrás delas... (p. 96).*

Este texto, incompleto, é o único que Brandão recolle, no Corvo, da literatura en verso da tradición oral. Teremos ocasión de falar do periplo contemporáneo de Leite de Vasconcelos, que nos transmitiu moita literatura popular. Pero o doutor José Leite era etnógrafo, e dialectólogo, e historiador...

Cómpre saber, porén, que Raul Brandão recolleu outros textos populares en verso, transcritos nos cadernos tal como nos informa Pedro da Silveira (pp. 37-39), un deles as seis “quadras” de “O baile do ladrão” (que Brandão, no libro, denomina, erradamente, “Chama do ladrão”). Nos cadernos, Brandão rexistra estas dúas cantigas (con ausencia de puntuación),

*Na Caldeira chove nevoa
Mais abaixo chovem flores
Na praia chovem suspiros
Algum’ausencia de amores*

*Adeus Corvo, adeus Corvo
as costas te vou virando
a minha boca vae rindo
o meu coração vae chorando*

A última “cantiga” (en galego é maioritaria a voz proparoxítona “cántiga”), con variantes, está presente no vello cancionero popular galego. Da rigorosa colectánea de Domingo Blanco escollo estas dúas:

*Adiós, campía da Ulla,
as costas che vou virando.
A miña marcha hox' é certa;
a volta sabe Dios cando.*

*Adiós, muelle de Ferrol,
a espalda che vou mirando,
a miña cara vai rindo,
o corazón vai chorando* (I, 286; II, 212).

4. O que viron na illa do Corvo, no verán de 1924, un escritor, Raul Brandão, e un etnógrafo, o profesor Leite de Vasconcelos

Paga a pena reproducir os textos en que o autor de *Mês de Sonho* coincide con páxinas d’As *Ilhas Desconhecidas*. Son estes:

a) No Corvo nem sequer há taberna alguma: o pouco vinho que lá se vende, é em garrafas, nas mercearias, e só o bebem em dia de festa (p. 31).

O apuntamento non dista moito do de Brandão: “Vinho não ha... [...] Depois do casamento os convidados juntam-se em casa dos noivos, á volta dos ovos cozidos, vinho e massa da noite...” (pp. 97-98).

b) Afirma Leite: “As cadeias dos Açores estão quasi sempre vazias (p. 31). Brandão, más centrado no Corvo, precisa que non hai “nem cadeia” (p. 72). Precisa más (con retranca?): “... a cadeia vazia (agora mora lá uma vaca)” (p. 77).

Téñase en conta, para un correcto confronto entre os textos dos dous ilustres homes de Letras, que Leite de Vasconcelos estivo moi pouco tempo na illa, “por poucas horas, tão poucas que mal tive tempo de atravessar a sua capital, Vila Nova do Corvo...” (p. 181). Aínda así, detectou a bondade dos moradores: “Sequestrada ás tormentas do mundo, explícase assim, em parte, que viva lá dentro gente tan boa como són os corvinos” (p. 181).

Son moitas as páxinas, no libro do sabio e entusiasta etnógrafo, dedicadas ó rexistro de literatura popular en verso, aínda que a illa do Corvo só estea representada por dúas “canções”, unha das cales coincide, en boa parte, coa recolleita por Brandão nos cadernos (e non impresa):

*Na Caldeira chove neve,
mais acima chovem flores:*

*na praia caem soidades,
suspiros dos meus amores.*

No traballo citado de Pedro da Silveira, “José Leite de Vasconcelos nas Ilhas de Baixo”, non escasean as referenciais á relación entre o sabio investigador de Etnografía e as andanzas, polos Azores, do autor d’As *Ilhas Desconhecidas*, e mesmo nos ofrece unha fotografía do profesor, “no Corvo, a ouvir da boca dos mais velhos o tesouro das suas tradições folclóricas”. É nesta monografía, consecuencia dunha viaxe no ano 1944, onde Pedro da Silveira estampou este desexo:

E a verdade é que o Corvo está a pedir estudo sério. Enquanto é tempo. Antes que desapareçam os derradeiros vestígios do velho comunalismo; antes que o falar corvino, rico de termos e construções arcaicas, sofra maiores deterioraçōes... (p. 11).

Fai este apelo vinte anos despois dos periplos de Raul Brandão e de Leite de Vasconcelos. Nunha nota, rigoroso como sempre, acláranos que Brandão convivira en Lisboa “desde muito antes da sua viagem às Ilhas com açorianos e pessoas que nos Açores tinham vivido” (p. 112).

5. Raul Brandão: un moralista examina a realidade social do Corvo

O que ofrecín no apartado 1 deste capítulo II tiña que ser superior a un dodecálogo. É hora de que o lector repare, como mínimo, nestas formulacións:

- “Ninguem pide esmola. Se um adoece, os outros lavram-lhe as terras. Aos pobres acodem-lhes com queijos para o sustento do ano e todos matam um porco” (p. 74).
- “As grandes questões resolvem-nas no adro, ao domingo, o padre e os homens mais velhos da illa” (pp. 80-81).
- “Nunca vi como nesta tão extraordinário sentimento de igualdade. O Corvo é uma democracia cristã de lavradores” (p. 81).

Podíanse elaborar dous ou tres decálogos coas observacións de Raul Brandão sobre a realidade social, o tipo de vida, as actitudes solidarias, o communalismo nas labouras e determinadas virtudes das xentes da illa do Corvo en 1924, hai case cen anos. Xentes —anota o escritor máis dunha vez— que viven unha vida dura nun total isolamento, na escaseza e nunha illa castigada acotío polo vento. O cronista, asombrado ás veces, pregüntase como aquela xente é tan boa, tan virtuosa, aínda que non allea á “resignación e dor” (p. 75). O cronista recorre, nas súas respuestas, á relixión: “O que na solidão os livra da natureza e do Inferno é a religião” (p. 84). Noutro lugar formúlao con outro matiz: “As leis da necesidade impõem-se no Corvo como em nenhuma outra parte que conheço. É a solidão que as impõe, é a solidão que lhes ensina a ordem, a disciplina ou os sentimientos cristãos”. E engade: “Se não fossem cristãos desatavam aos tiros uns aos outros” (p. 107). Tamén fala dunha “religiosidade como nunca vi em outra parte” (p. 102). Liñas antes afirma que era “grande a influênciia do vigairo” (p. 98).

O noso escritor, coma noutras obras súas, algunas capitais, sempre invoca a dimensión relixiosa, e mesmo chega a dicir

que “Cristo está aquí” (p. 84). Agora ben, na crónica corvina, aquí e alí, hai algunas incursións más próximas á dialéctica histórica: “Todos moran na vila para fugirem à solidão tremenda” (p. 75). Notorio relato o de Manuel Tomás que, ó falar das fames de antes, conta que todo procede dun erro de san Pedro, a quen Cristo lle mandou predicar a boa nova de que “O pobre que viva do rico”, boa nova que, ó enganarse, converteuna na proclama contraria: “O rico que viva do pobre!” (p. 93). Pero no Corvo “Não há ricos nem há pobres”, singular comuna en que con moi lixeiras diferenzas todos tiñan un modesto pasar. Por iso ten sentido —de novo a dialéctica da vida— o que lle pide ó noso cronista alguén que está na conversa: “Ensine-nos o senhor alguma coisa. O que nós queremos é que nos ensinen a ser ricos!” (p. 95).

Un espírito relixioso como o de Raul Brandão quedou engaiolado con non poucos aspectos do proceder social dos corvinos, daquela “democracia cristã de lavradores”, pero, sincero, revélanos que “não podia viver como estes homens, mas na hora da morte queria ser um destes homens” (p. 86).

É o momento de reproducir o texto —un texto que non é de Raul Brandão— con que se abre o capítulo que estamos a comentar:

Quero que o meu corpo seja sepultado no cemitério da ilha do Corvo, a mais pequena das dos Açores, e se isto não puder ser por qualquer motivo..., quero que o meu corpo seja sepultado no cemitério da freguesía da Margem, pertencente ao concelho de Gavião; são gentes agradecidas e boas, e gosto agora da

ideia de estar cercado, quando morto, de gente que na vida se atreveu a ser agradecida (Do testamento de Mouzinho da Silveira) (p. 71).

Xa aquí, un non comprende por que Vicente Risco, agudo intelectual e etnógrafo moi erudito, non reparou, na citada reseña de 1927, nas peculiaridades e na orixinalidade do mapa antropolóxico da illa do Corvo. Que se saiba, nunca máis se ocupou d'*As Illas Descoñecidas*, e nunca lles transmitiu ós seus discípulos (Ben-Cho-Shey, Xaquín Lorenzo Fernández, Laureano Prieto...) o interese pola illa tal como a retratara Raul Brandão en 1926. Alguén, menos intelectual e moito menos erudito, o poeta Antonio Noriega Varela, non foi insensible a algúns daqueles trazos sociolóxicos, mesmo antes de ler o libro.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

- Álvarez, Eloisa; Alonso Estravís, Isaac (1999), *Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolario*, Ediciós do Castro.
- Blanco, Domingo (1992), *A poesía popular en Galicia (1745-1885). Recopilación, estudio e edición*, Vigo, Xerais (2 vols.).
- Brandão, Raul (2009), *As Ilhas Desconhecidas. Notas e Paisagens*, Acores, Artes e Letras (cun Prefácio de António M. B. Machado Pires, pp. 12-37). [Sigo esta edición da que é responsable o citado Machado Pires; tamén o tradutor Xesús Rábade Paredes.]
- Brandão, Raul (2009), *Las islas desconocidas*, A Coruña, Ediciones del Viento (trad., pról. e notas de María Tecla Portela Carreiro).
- Brandão, Raul; Teixeira de Pascoaes (1994), *Correspondência* (ed. de António Mateus Vilhena e Maria Emilia Marques Mano), Lisboa, Quetzal Editores.
- Cabral de Oliveira, Elisa (2027), *Azores responsable*, Rabassa (Barcelona), Alhenamedia.
- Castilho, Guilherme (1978), *Vida e Obra de Raul Brandão*, Lisboa, Bertrand.
- Cidade, Hernani (1922), “O aspecto actual da literatura portuguesa”, Nós 9, Ourense, 31-I-1922.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1994), *Obra completa de Noriega Varela* (ed. de...), Deputación Provincial de Lugo (2 vols.).
- Leite de Vasconcelos, José (1926), *Mês de Sonho. Conspecto de Etnografia Açoriana*, Imp. do Museu Comercial de Lisboa.
- Nemésio, Vitorino (1955), *Sob os Signos de Agora, Obras completas* (vol. XIII), Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda. [O libro publicouse por primeira vez en 1931].
- Otero Pedrayo, Ramón (1929), *Pelerinaxes I*, Ourense, Nós. [Hai edición de Galaxia de 2017].
- [Risco, Vicente] (1927): “As Ilhas Desconhecidas por Raul Brandão”, Nós 45, 15-IX-1927.
- (1928), “Jesus Cristo em Lisboa por Raul Brandão e Teixeira de Pascoaes”, Nós 54, 15-VI-1928.

- Saramago, João (1992), *Le parler d l'ile de Corvo*. Açores, Université Grenoble III-Instituto de Linguistica da Universidade de Lisboa.
- Silveira, Pedro da (1958), “José Leite de Vasconcelos nas Ilhas de Baixo”, *Seara Nova*, Lisboa, ag.-set., 1958.
- (1986), “Raul Brandão e “As Ilhas Desconhecidas”. Dúas cartas de Noriega Varela a João Verde e os cadernos de notas da viagem pelas Açores”, *Atlântida*, Angra do Heroísmo, vol. XXXIII.



Raul Brandão e a súa esposa, na partida da súa viaxe aos Azores, 1924

VIAXE Á ILLA DO CORVO
VIAGEM Á ILHA DO CORVO

Quero que o meu corpo sexa sepultado no cemiterio da illa do Corvo, a máis pequena dos Azores, e se isto non puider ser por calquera motivo, ou mesmo por non querer o meu testamenteiro cargar con tal traballo, quero que o meu corpo sexa sepultado no cemiterio da freguesía da Margem, pertencente ao concello de Gavião; son xente agradecida e boa, e comprárceme hoxe a idea de estar rodeado, cando morra, de xente que na miña vida se atreveu a ser agradecida.

DO TESTAMENTO DE MOUZINHO DA SILVEIRA

Quero que o meu corpo seja sepultado no cemitério da ilha do Corvo, a mais pequena das dos Açores, e se isto não puder ser por qualquer motivo, ou mesmo por não querer o meu testamenteiro carregar com esta trabalheira, quero que o meu corpo seja sepultado no cemitério da freguesia da Margem, pertencente ao concelho de Gavião; são gentes agradecidas e boas, e gosto agora da ideia de estar cercado, quando morto, de gente que na minha vida se atreveu a ser agradecida.

DO TESTAMENTO DE MOUZINHO DA SILVEIRA

Pedra negra, area negra e un mar enverdecido, que de inverno asalta, vagallón tras vagallón, este gran rochedo a pico, con penas caídas alá no fondo e que as augas corroen cun ruído incesante de traxedia. Ceo moi baixo, nubes esbrancuzadas. Braveza, soidade e negrura.

Unha única poboación de media ducia de ruelas fétidas, laxeadas de cascállos, algunas de medio metro de largo, onde se fabrica o estrume. A igrexa, unha praciña, e logo por tras do poboado, o monte severo erguido en socalcos e caendo a un lado. A mesma labarada devorou todo isto: os interiores, as paredes, os tellados. Vellas de pano e, sobre o pano, a touca escura, homes de puchos a raias, descalzos e cun pau na man. De cando en cando, dunha pequena xanela, espreita a cabeza dunha muller ou o fociño dunha vaca. As casas denegridas, onde vive o home¹ e o boi, olen a leite e a corte. Os rapaces cheiran a gando. Arredor casoupas, media ducia de leiras de centeo e trigo divididas por muros de rebos e pedra solta. E todo tan humilde, tan feo, tan só, que me mete medo. Un penedo e vento na soidade tremenda do Atlántico.

Non hai mercado nin pousada. Non hai médico nin botica, nin cadea. As portas non teñen chave. Non hai ricos nin hai pobres, e neste mundo isolado tanto ten ser rico como pobre: o home máis rico do Corvo anda descalzo como os de-

1. Naturalmente, a expresión inclúe o conxunto dos moradores da vivenda. Mesmo nestes casos, por fidelidade ao texto traducido, respectaremos estes usos do autor.

Pedra negra, areia negra e um mar esverdeado, que de Inverno assalta, vagalhão atrás de vagalhão, este grande rochedo a pique, com fragas caídas lá no fundo e que as águas corroem num ruído incessante de tragédia. Céu muito baixo, nuvens esbranquiçadas. Bravura, solidão e negrume.

Uma única povoação de meia dúzia de ruelas fétidas, lajeadas de burgos, algumas com meio metro de largura, onde se fabrica o estrume. A igreja, um largo zinho, e, logo por trás do povoado, o monte severo erguido em socalcos e caindo a um lado. A mesma labareda devorou tudo isto: os interiores, as paredes, os telhados. Velhas de lenço e, sobre o lenço, o xaile escuro, homens de barreta, descalços e de pau na mão. De quando em quando, duma pequena janela, espreita a cabeça duma mulher ou o focinho duma vaca. As casas denegridas, onde vive o homem e o boi, tresandam a leite e a corte. Os rapazes cheiram a gado. À volta dos casebres meia dúzia de leiras de centeio e trigo divididas por muros de pedra solta. E tudo tão humilde, tão feio, tão só, que me mete medo. Um penedo e vento na solidão tremenda do Atlântico.

Não há mercado nem estalagem. Não há médico, nem botica, nem cadeia. As portas não têm chave. Não há ricos nem há pobres, e neste mundo isolado tanto faz ser rico como pobre: o homem mais rico do Corvo anda descalço como os outros e lavra a terra como os filhos. O pedreiro é pedreiro e lavrador, o ferreiro é ferreiro e lavrador, e morre à fome quem

mais e labra a terra como os seus fillos. O pedreiro é pedreiro e labrador, o ferreiro é ferreiro e labrador, e morre de fame quen non arma os currais² coas súas propias mans. Ningún se suxeita a servir, pero todos os veciños se axudan: cando toca o sino a rebato, o pobo acode a destellar a casa, a construír a corte ou a levantar o socalco.

Miro para isto tan pequeno e tan pobre, para os campos retallados de muros escuros, para as eiriñas redondas con laxedo de lava e un pau no medio, ao que se xonce o boi que debulla o trigo; para os seres e as cousas do mesmo ton apagado e uniforme; miro para a illa descarnada polo vento, tan forte de inverno que o sino tanxe soíño, e síntome como nunca me sentín, isolado no mundo. Que vin eu facer aquí? Foi esta pedra isolada no mar con algúns seres apegados ás leiras a que me levou de viaxe? Foi este resto de volcán, sen paisaxe nin beleza, o que me trouxo? Pero se aquí non hai nada que ver! Almas tan descarnadas coma o penedo e unha vida imposible noutro mundo que non sexa este mundo arredado. A vida natural? O home pode aguantar na vida natural, ou é na vida artificial onde está a felicidade? Vestido ou nu? Deben tender os nosos esforzos para a ilusión e a mentira, e será a verdade espida a imaxe da inferioridade e da desgraza...? Tan lonxe-tan só-tan triste! Mais reparo mellor e lémbrome daquelas palabras dun home en debate coa propia consciencia: —No Corvo, cando me sento á mesa, todos á mesma hora se sentan para cear, e de noite non hai desventurado sen abrigo.

2. Recinto ou cerrado para ater a facenda. Curro.

não fabrica os currais por suas próprias mãos. Ninguém se sujeita a servir – mas todos os vizinhos se ajudam: quando toca o sino a rebate o povo acode a destelhar a casa, a construir a corte ou a levantar o socalco.

Olho para isto tão pequeno e tão pobre, para os campos retalhados de muros escuros, para as eirinhas redondas com lajedo de lava e um pau ao meio, a que se junge o boi que debulha o trigo; para os seres e as coisas do mesmo tom apagado e uniforme; olho para a ilha descarnada pelo vento, tão forte de Inverno que o sino tange sozinho, e sinto-me como nunca me senti, isolado no mundo. Que vim eu aqui fazer? Foi esta pedra isolada no mar com alguns seres agarrados às leiras que me levou à viagem? Foi este resto de vulcão, sem paisagem nem beleza, que me trouxe? Mas aqui não há nada que ver! Almas tão descarnadas como o penedo e uma vida impossível noutro mundo que não seja este mundo arredado. A vida natural? O homem pode aguentar-se na vida natural, ou é na vida artificial que está a felicidade? Vestido ou nu? É para a ilusão e a mentira que devem tender os nossos esforços, e a verdade em osso será a imagem da inferioridade e da desgraça?... Tão longe – tão só – tão triste! Mas reparo melhor e lembro-me daquelas palavras dum homem em debate com a própria consciência: – No Corvo, quando me sento à mesa, todos à mesma hora se sentam para jantar, e à noite não há desgraçado sem abrigo. – Na verdade, não vi andrajos nem miséria. Ninguém pede esmola. Se um adoece os outros lavram-lhe as terras. Aos pobres acodem-lhe com queijos para o sustento do ano e todos matam um porco. O maior lavra-

A verdade, non vin farrapos nin miseria. Ninguén pide esmola. Se un enferma, os outros lábranlle as terras. Aos pobres acódenlle con queixos para o sustento do ano e todos matan un porco. O maior labrador colle cento oitenta *alqueires*³ de millo e corenta o máis pequeno.

Ás dúas da madrugada, na noite fonda, cun bramido de mar sempre presente, oio o corno do pastor que chama os outros desde o alto, no portón. E parten xuntos na escuridade: van munxir as vacas á Ribeira Funda, á Ribeira da Vaca, á Fajá dos Negros, baldíos ao noroeste da illa, por montes e vales, onde só medran algunhas faias e cedros. Cada labrador ten dous boiciños, os bois do carro, ao pé da porta; os outros andan nos currais, ao aire libre, ata febreiro. As vaquiñas, encantadora raza do Corvo, son munxidas nos pasteiros, e producen este leite perfumado, que non me canso de beber e que sabe a todas as herbas rastreiras que cobren o chan coma un tapete e que os pastores designan unha por unha polo nome⁴: saben ao trebo namorado de tres folliñas esguías en cada punta, ao guedillón, ao acevén, ao feno, á solda de floriñas amarelas, á *man furada*, á *lía vaca*, á *lía vaquiña*, á herba millá, á *herba estreliña* de flores brancas, e ás variedades de fentos que eles distinguen polos nomes de fento serrín, fento rato e molar, fento porco e fento branco —que dan camadas sucesivas de pasto nesta humidade que destila o ceo. Dúas veces por día mónxenas —se mana o leite, como eles din— e só á tardiña comeza a bichería a baixar a ríspida ladeira. É todo o

3. Medida para áridos que flutúa, segundo as zonas, entre 13 e 22 litros.

4. Plantas herbáceas con denominación local, por veces sen correspondencia nos catálogos botánicos.

dor colhe cento e oitenta alqueires de milho e quarenta o mais pequeno.

Às duas da madrugada, na noite funda, com um rebramir de mar sempre presente, ouço a buzina do pastor que chama os outros lá do alto, do *portão*. E partem juntos no escuro: vão ordenhar as vacas à Ribeira Funda, à Ribeira da Vaca, à Fajã dos Negros, baldios a noroeste da ilha, por montes e vales, onde só crescem algumas faias e cedros. Cada lavrador tem dois boizinhos, os bois do carro, ao pé da porta; os outros andam nos currais, ao ar livre, até Fevereiro. As vaquinhas, encantadora raça do Corvo, são mungidas nos pastos, e produzem este leite perfumado, que não me canso de beber e que sabe a todas as ervas rasteiras que cobrem o chão como um tapete, e que os pastores designam uma a uma pelo nome: sabem ao trevo enamorado de três folhinhas esguias em cada ponta, ao guedilhão, ao azevém, ao feno, à solda de florinhas amarelas, à mão-furada, à lia vaca, à lia vaquinha, à milhã, à erva estrelinha do flores brancas, e às variedades de fetos que eles distinguem pelos nomes de feto serrim, feto rato e molar, feto porco e feto branco – que dão camadas sucessivas de pasto nesta humidade que destila o céu. Duas vezes por dia as ordenham – se mama o leite, como eles dizem – e só ao fim da tarde começa a bicha a descer a íngreme ladeira. É todo o povo que desfila, como vi num grande retábulo de pedra esculpido a cinzel por um artista ingênuo – os pastorinhos, as moças com os cabaços ao quadril, as mulheres com os carregos e os velhos já gastos. Uma expressão arcaica e dura e ao mesmo tempo resignação e dor. E, com o povo que regressa todas as tardes da

pobo quen desfila, como vin nun gran retábulo de pedra esculpido a cicel por un artista inxenuo —os pastoriños, as mozas cos cabazos ao cadril, as mulleres cargadas e os vellos xa gastados. Unha expresión arcaica e dura e ao mesmo tempo resignación e dor. E, co pobo que regresa todas as tardes dos labores, vexo os instrumentos de traballo —os cestos, as cordas, a picaña. E co pobo os animais, as ovellas, os bois, os burros cargados e os porcos que volven aos cortellos, completan o gran retábulo aberto na pedra do Corvo. Esta pedra brava produce millo, trigo e la, cos que os sustenta e viste, pero a maior parte das terras están no val do Fojo, nunha chaira de beiramar, a dúas horas de camiño, e as terras de pasto áinda más lonxe. Todos viven na vila para fuxiren da tremenda soledade, todos traballan naquel pedregal duro coma bronce cincelado, nos cantiños onde a terra se xuntou —todos camiñan descalzos, dúas veces cada día, polo único camiño esgrevio que leva ao interior. Vida dura.

—A xente sementa e o vento leva!

O vento é a preocupación constante desta xente.

—El é o poder do mundo!

Vida dura para elas, principalmente, que van todos os días para as terras altas, dúas leguas de camiño, coa picaña ás costas, e que regresan á tardiña para facer os queixos e coidar dos fillos. Son mulleres activas e espertas. Todas cardan e fían, e case todas, nun tearciño rudimentario, fabrican o pano do que se visten a si e aos seus homes. E fían moi ben e tecen moi ben. Toda a roupa da illa é cortada polas súas mans, e das que non saben cortar, din:

lavoura, vejo os instrumentos de trabalho – os cestos, as cordas, o alvião. E com o povo os animais, as ovelhas, os bois, os burros carregados e os porcos que recolhem às cortes, completam o grande retábulo aberto na pedra do Corvo. Esta pedra brava produz milho, trigo e lã, com que os sustenta e veste, mas a maior parte das terras são no vale do Fojo, numa chã à beira-mar, a duas horas de distância, e as pastagens ainda mais longe. Todos moram na vila para fugirem à solidão tremenda, todos trabalham naquela fraga dura como bronze cinzelado, nos cantinhos onde a terra se juntou – todos caminham descalços, duas vezes por dia, pelo único caminho áspero que leva ao interior. Vida dura.

– A gente semeia e o vento leva!

O vento é a preocupação constante desta gente.

– Ele é o poder do mundo!

Vida dura para elas, principalmente, que vão todos os dias para as terras de cima, duas léguas de caminho, com o alvião às costas, e que regressam à tarde para fabricar os queijos e cuidar dos filhos. São mulheres activas e espertas. Todas cardam e fiam, e quase todas, num tearzinho rudimentar, fabricam o pano de que se vestem a si e aos homens. E fiam muito bem e tecem muito bem. Toda a roupa da ilha é cortada por suas mãos, e das que não sabem talhar, dizem:

– Coitadinha, tem pouco préstimo! – Dispõem da chave da caixa. O homem entrega-lhes o dinheiro dos bois e elas governam-no. E quando acontece haver alguma de quem o homem não confia, logo as outras clamam num espanto:

– Ai Jesus, Maria, José! E ela está com ele!

—Coitadiña, ten pouco proveito.

Dispoñen da chave dos cartos. O home entrégalles o diñeiro dos bois e elas gobérnano. E cando acontece que hai algunha da que os homes non se fían, logo as outras claman espantadas:

—Ai Xesús, María, Xosé! E ela vive con el!

Aínda que isto de ter a chave da caixa é unha cousa moi seria na laboura. A caixa da limpeza, sempre dunha madeira dura para non entraren ratos (e no Corvo de cedro petrificado que se encontra no fondo da terra, ou de tablóns de naufraxio que van dar á costa), é o móble onde se gardan os mellores panos, as moedas que se xuntan sacándollo á boca, as cousas de maior proveito e valía e os recordatorios dos mortos. A caixa hérdase. E, luída de tantas mans, é case sagrada. Xa teño visto labradores morreren cos ollos postos na caixa e a chave metida debaixo da almofada. Ter a chave da caixa é ter o cetro e o prestixio. E unha vez dada á muller, nunca máis se lle pode sacar...

20 de xuño

Voume afacendo a ter a porta aberta. A primeira noite tiven medo. Agora durmo dunha tirada nun colchón de palla milla, coa ventá desaxustada, por onde entra o xorro que sabe a mar mesturado co olor bravo do monte. Tamén vou cos pastores e os labradores sentarme no Outeiro, onde está o Concello, o Espírito Santo e o cárcere baleiro (agora vive alí unha vaca), e oio tomar resolución nas banquetas en rolda sobre a terra e os la-

Ora isto de ter a chave da caixa é uma coisa muito séria na lavoura. A caixa da limpeza, sempre duma madeira dura para lhe não entrar o rato, e no Corvo de cedro petrificado que se encontra no fundo da terra, ou de tabuões de naufrágio que dão à costa, é o móvel onde se guardam os melhores panos, as moedas que se juntam tirando-o à boca, as coisas de maior préstimo e valia e as recordações dos mortos. A caixa herda-se. E, puída de tantas mãos, é quase sagrada. Já tenho visto lavradores morrerem com os olhos postos na caixa e a chave metida debaixo do travesseiro. Ter a chave da caixa é ter o ceptro e o prestígio. E uma vez entregue à mulher, nunca mais se lhe pode tirar...

20 de Junho

Vou-me habituando a ficar com a porta aberta. Na primeira noite tive medo. Agora durmo de um sono num colchão de palha milha, com a janela escancarada, por onde entra o jorro que sabe a mar e a que se mistura o cheiro bravo do monte. Também vou com os pastores e os lavradores sentar-me no Outeiro, onde está a Câmara, o Espírito Santo e a cadeia vazia (agora mora lá uma vaca), e ouço-os de roda nas banquetas tomando resoluções sobre a lavoura e a terra. Aí se juntam de manhã antes de partirem para o Fojo ou à tarde quando recolhem. Sinto-me pequeno ao pé do António da Ana, de barba curta e grisalha, do Santareno, que parece um apóstolo, do Joaquim Valadão, do Manuel Tomás, do sapateiro a arrastar a

bores. Aí se xuntan de mañá antes de partiren para o Fojo ou á tarde cando se recollen. Síntome pequeno ao pé do António da Ana, de barba curta e grisalla, do Santareno, que parece un apóstolo, do Joaquim Valadão, do Manuel Tomás, do zapateiro arrastrando na perna. Dos vellos baleeiros de barba no queixo e puchos riscados na cabeza, todos dunha grave compostura, fisionomías de santos ou mendiños, onde hai algo de pétreo.

—Empréstasme unha carrada de leña?

—Pois claro! (con que me vés ti agora!).

—E logo?

—Dúas mesmo.

—Que ben! (inda mellor).

Un a quen lle falo do padre, explica:

—É un ás de virtude!

E o que está ao meu carón cóntame a morte da filla pequena e conclúa:

—Morreu, mais agrazada! Agrazada meniña que foi para o Ceo! (agrazada é sinónimo de feliz).

Isto dito con pausas e silencios secuenciados —todas as figuras en rolda a ollar para min, e nunha lingua gasta como as vellas moedas que pasan de man, xa fóra de curso, mais que emiten ainda un son moi puro—. Os homes son estatuas sen rematar, as falas rudimentarias. Pero figuras e palabras expresan outra vida que quere falar e non pode, outra vida que eu non comprendo... Dise *avezada* por habituada, emprégase *bradou* por chamou, *guindo* por salto, *adregar*, etc.⁵ Bícase un ca-

5. Palabras de uso común ainda na lingua matriz, o galego. Este valioso ensaio literario-antropolóxico desborda en moito a focalización espazo-temporal que lle adjudica o autor.

perna, dos velhos baleeiros de pêra e barrete às riscas na cabeça, todos duma grave compostura – fisionomias de santos ou pedintes, onde há qualquer coisa de empedrado.

- Emprestas-me uma carrada de lenha?
- Póda pus! (com o que tu vens agora!)
- Então?
- Duas, até.
- Axe! (inda melhor).

Um a quem falo do padre explica:

- É uma bás de virtude!

E este a meu lado conta-me a morte da filha pequena e conclui:

– Morreu, mas engracada! Engraçada criança que foi para o Céu! (engracada é sinónimo de feliz).

Isto dito com pausas e silêncios compenetrados – todas as figuras em roda a olhar para mim, e numa língua gasta como as velhas moedas que passam de mão em mão, já não têm curso, mas ainda retinem com um som muito puro –. Os homens são estátuas por concluir, as frases rudimentares. Mas fisionomias e palavras exprimem outra vida que quer falar e não pode, outra vida que não comprehendo... Diz-se *avezada* por habituada, emprega-se *bradou* por chamou, *guindo* por salto, *adregar*, etc. Beija-se uma criança e a mãe diz-nos: – Deus lhe queira bem! Deus lho pague! – Exclama-se: – Vai-te a requer e Deus diante! (Vai para o Diabo mas com Deus!) E empregam-se frases e termos que nunca ouvi e desconheço.

Está ali o presidente da Câmara, tosco e descalço como os outros, o administrador do concelho e duas dúzias de velhos

tivo e a nai dinos: —Deus lle queira ben! Deus llo pague! —Exclámase: —Vaite a *requer* e Deus mediante! (vai para o Demo pero con Deus). E empréganse frases e termos que nunca oíñ e descoñeço.

Alí está o presidente do concello, tosco e descalzo coma os outros, o administrador do concello e dúas ducias de vellos descalzos, figuras doutro século, falando unha lingua desenterrada. Miro para aquelas mans enormes e duras apoiadas nos caxados, para as barbas de madeira, para as fisionomías abertas a escoupro por un escultor de xenio que non chegou a concluílas, e teño a idea de que xa vin isto nos altares ou nos nacementos. Pertencen a outras idades. Parecen, pola expresión fixa, animadas por sentimentos e ideas fóra do noso ambiente. Moldeounas pouco a pouco a soidade e o silencio. Case me poñen medo, coma se o pasado se puxese a mirar para min e a interrogarme. Case me acusan (ou son eu quen me acuso?) da miña frivolidade. Un destes labradores parece Herculano e outro ten mans enormes e gretadas, mans de terra case deshumanas.

O que está vivo diante de min é a historia, é o pasado. Son os *homes de fala ou do acordo*⁶, os parlamentos que se xuntaban ao aire libre nos adros, na vella terra portuguesa, e que talvez se reúnan áinda nos sitios ermos do Barroso, cando cada poboado era unha república con asembleas populares, *as chamas*⁷, que superentendían nas sementeiras para lles fixar tempo, no concerto dos camiños, do muíño ou do forno común, re-

6. Xente de palabra e de acordo.

7. Toque de reunión. Chamada para a xuntanza veciñal.

descalços, figuras de outro século, falando uma língua desenterrada. Olho para aquelas mãos enormes e duras apoiadas nos cajados, para as barbas de madeira, para as fisionomias abertas a escopro por um escultor de génio que não chegou a concluir-las, e tenho a ideia de que já vi isto nos altares ou nos presépios. Pertencem a outras idades. Parecem, pela fixidez, animadas por sentimentos e ideias fora do nosso ambiente. Moldou-as pouco e pouco a solidão e o silêncio. Quase me metem medo, como se o passado se pusesse a olhar para mim e a interrogar-me. Quase me acusam (ou sou eu que me acuso?) da minha frivolidade. Um destes lavradores parece Herculano e outro tem mãos enormes e gretadas, mãos de terra quase desumanas.

O que está vivo diante de mim é a história, é o passado. São os homens *de fala ou do acordo*, os parlamentos que se juntavam ao ar livre nos adros, na velha terra portuguesa, e que talvez se reúniam ainda nos sítios ermos do Barroso, quando cada povoado era uma república com assembleias populares, *as chamadas*, que superintendiam nas sementeiras para lhes fixar a época, no concerto dos caminhos, do moinho ou do forno comum, resolvendo os pleitos e as questões de águas. Não esqueçamos que, dividindo o terreno, uma parte *era de Deus* e cavado por todos.

— Alhore... — diz-me um.

Acordo.

— Alhore o quê?!

E não há mais nada! Olho para o céu — o mesmo céu pardo e baixo; para os bois que passam com solenidade e que

solvendo os litixios e os asuntos de augas. Non esquezamos que, dividindo o terreo, unha parte *era de Deus* e cavada por todos.

—*Alhore...*⁸ —dime un. Acordo.

—*Alhore que?!*

E non hai más nada! Miro para o ceo, o mesmo ceo pardo e baixo; para os bois que pasan con solemnidade e que van moer pan nas tafonas, e teño de me fixar outra vez nestes homes que soportan unha vida dura e monótona, facendo todos os días os mesmos xestos e repetindo sempre a mesma media ducia de palabras ata a morte. Oio roldar o Tempo... Aquí só hai unha cousa que facer: non é mirar para fóra, é mirar para as almas. Nunca houbo no Corvo un asasinato nin un roubo. —Aquí nunca se matou a ningúén! —exclaman eles con orgullo. Os muíños teñen as portas abertas, para quen alí queira ir buscar a fornada despois de moída. —A miña porta aínda hoxe non ten chave —dime o maior propietario da illa.

Se atopan algunha cousa no camiño, van pendurala nun craviño á porta da igrexa. A familia é sagrada e as raparigas son puras. Os grandes asuntos resólvenos no adro, no domingo, o padre e os homes máis vellos da illa. Cando un corvino morre, catro veciños ocúpanse de lle abrir unha cova e de levar a caixa —que serve para todos— ata o cemiterio. O pobo acompaña o defunto. Nunca vin como nesta illa tan extraordinario sentimento de igualdade. O Corvo é unha democracia cristiá de labradores.

8. Italianismo? Pois logo, entón...

vão moer pão nas atafonas, e tenho de me fixar outra vez nestes homens que suportam uma vida dura e monótona, fazendo todos os dias os mesmos gestos e repetindo sempre a mesma meia dúzia de palavras até à morte. Ouço rondar o Tempo... Aqui só há uma coisa a fazer: não é olhar para fora, é olhar para as almas. Nunca houve no Corvo um assassinato ou um roubo. – Aqui nunca se matou ninguém! – exclamam eles com orgulho. Os moinhos têm as portas abertas, para quem quer ir lá buscar a fornada depois de moída. – A minha porta ainda hoje não tem chave – diz-me o maior proprietário da ilha. – Se acham alguma coisa no caminho vão pendurá-la num prego à porta da igreja. A família é sagrada e as raparigas são puras. As grandes questões resolvem-nas no adro, ao domingo, o padre e os homens mais velhos da ilha. Quando um corvino morre, quatro vizinhos encarregam-se de lhe abrir uma cova e levar o caixão – que serve para todos – até ao cemitério. O povo acompanha o defunto. Nunca vi como nesta ilha tão extraordinário sentimento de igualdade. O Corvo é uma democracia cristã de lavradores.

Aqui acabam as palavras, aqui acaba o mundo que conheço; aqui neste tremendo isolamento onde a vida artificial está reduzida ao mínimo só as coisas eternas perduram. Não se pode fugir à monotonia da existência, à solidão que nos cerca, à sólida arquitectura dos montes que apertam e esmagam. Sempre presentes o plano revolto e amargo das ondas e a povoaçā isolada e denegrida. Passam-se meses sem notícias do mundo, e com as Flores comunica-se com fogaréus que se acendem nos altos, porque o canal é largo e tão perigoso que

Aquí acaban as palabras, aquí acaba o mundo que coñezo; aquí neste tremendo isolamento, onde a vida artificial está reducida ao mínimo, só as cousas eternas perduran. Non se pode fuxir á monotonía da existencia, á soidade que nos cerca, á sólida arquitectura dos montes que apertan e esmagan. Sempre presentes, o plano revolto e amargo das ondas e a poboación isolada e denegrida. Pasan meses sen noticias do mundo, e coas Flores comunicase con fogueiras que se acenden nos altos, porque o canal é largo e tan perigoso que bota no inverno os peixes mortos á praia. Aquí o tempo asume proporcións extraordinarias. Vexo diante de min a figura monstruosa, que suprimimos da existencia fútil, arredánda e esquecéndoа, e que no Corvo preside todos os actos da vida. O Corvo non ten peso no mundo, pero nunca como aquí sentín a realidade e o peso do tempo. Baixo o seu dominio todos camiñan, repetindo os mesmos xestos e as mesmas palabras, e arrastrando o mesmo fardo sen levantaren a cabeza nin se desataren a berros.

Estas figuras espidas e tráxicas son tremendas como problemas insolubles. Érguense diante de min, e arredo todo, esquezo todo para as interrogar. Non o que elas me saiban responder —son eu quen ha de responder a min mesmo, porque foi isto o que me trouxo ao Corvo.

É o ermo quen as fai grandes? É a vida áspera e simple? Non hai peor que meter algúns homes dentro dun barco na soidade do mar. Ao cabo dalgún tempo, detéstanse. Non teñen que dicir uns aos outros, e detéstanse. Imaxinen o que sería abandonalos neste rochedo e deixalos soíños para sempre: pasado certo tempo, matábanse. A soidade é amarga —o home

arroja de Inverno os peixes mortos à praia. É aqui que o Tempo assume proporções extraordinárias. Vejo diante de mim a figura monstruosa, que suprimimos da existência fútil, arredando-a e esquecendo-a, e que no Corvo preside a todos os actos da vida. O Corvo não tem peso no mundo, mas nunca senti como aqui a realidade e o peso do Tempo. Sob o seu domínio todos caminham, repetindo os mesmos gestos e as mesmas palavras, e arrastando o mesmo fardo sem levantarem a cabeça nem desatarem aos gritos.

Estas figuras despidas e trágicas são tremendas como problemas insolúveis. Erguem-se diante de mim, e arredo tudo, esqueço tudo para as interrogar. Não que elas me saibam responder – eu é que hei-de responder a mim próprio, porque foi isto que me trouxe ao Corvo.

É o ermo que as torna grandes? É a vida áspera e comezinha? Não há pior do que meter alguns homens dentro dum barco na solidão do mar. Ao fim de algum tempo detestam-se. Não têm que dizer uns aos outros, e detestam-se. Imaginem o que seria atirá-los para este rochedo e deixá-los sozinhos para sempre: ao fim de algum tempo matavam-se. A solidão é amarga – o homem um bruto. Quando Rousseau se entranha na floresta, procura e encontra o quadro dos primeiros tempos da humanidade e, comparando o homem natural com o homem artificial e mostrando no seu pretendido aperfeiçoamento a verdadeira origem de todas as suas misérias – «Insensatos – exclama – que vos queixais sem cessar da natureza, sabei que todos os males vêm de vós próprios!» – A natureza descarnada mete medo, a natureza só nos impele a actos horríveis de instinto. Ao contrário

un bruto. Cando Rousseau se entraña na selva, procura e encontra o cadro dos primeiros tempos da humanidade e, comparando o individuo natural co individuo artificial e mostrando no seu pretendido perfeccionamento a verdadeira orixe de todas as súas miserias: —“Insensatos”, exclama, “que vos queixades sen parar da natureza, sabede que todos os males veñen de vós mesmos!” A natureza descarnada mete medo, a natureza só nos impele a actos horribles de instinto. Contrariamente ao que di Rousseau, o que nós temos que facer é arredar a natureza para confíns ilimitados e tender para a persoa ideal. Deus nos libre do ser humano descarnado, cara a cara coa súa traxedia, diante do acaso e do absurdo —do ser humano subxugado polas necesidades elementais sobre a rocha no medio do mar, para dela extraer o necesario para a vida, sen poder levantar a cabeza! Recoñezo agora nestas figuras, talladas a eixola, outra expresión e léolles nos ollos ansiedade que elas non saben descifrar... O negro, nun medio ubérrimo, non foi condenado —esta persoa é quen foi condenada á soildade e ao traballo. Ora na vida o esencial non é o pan, é outra cousa sen a cal máis nos valía morrer. O esencial é o soño que transforma o home.

Será logo Chateaubriand quen ten razón cando di esta cousa horrible: —“É certo que ninguén pode gozar de todas as facultades do espírito máis que cando se desembaraza dos coidados materiais da existencia —o que só é posible nos países onde os oficios e as ocupacións materiais son exercidas por escravos”? Toda a civilización é un produto de dor. Para manter a vida artificial sen a cal non podemos pasar, é preciso que

do que diz Rousseau, o que nós temos a fazer é arredar a natureza para confins ilimitados e tender para o homem ideal. Deus nos livre do homem descarnado, sós a sós com a sua tragédia, diante do acaso e do absurdo – do homem subjugado pelas necessidades elementares sobre a fraga no meio do mar, para dela extrair o necessário à vida, sem poder levantar a cabeça! Reconheço agora nestas figuras, escavacadas a enxó, outra expressão e leio-lhes nos olhos ânsia que eles não sabem interpretar... O preto, num meio ubérrimo, não foi condenado – este homem é que foi condenado à solidão e ao trabalho. Ora na vida o essencial não é o pão, é outra coisa sem a qual mais nos valia morrer. O essencial é o sonho que transforma o homem.

Será então Chateaubriand que tem razão quando diz esta coisa horrível: – «É certo que ninguém pode gozar de todas as faculdades do espírito senão quando se desembaraça dos cuidados materiais da existência – o que só é possível nos países onde os ofícios e as ocupações materiais são exercidas por escravos» –? Toda a civilização é um produto de dor. Para manter a vida artificial, sem a qual não podemos passar, é preciso que muitos sofram. Já não concebemos a vida sem arte, sem livros de capa amarela, sem bodegas de teatro –até ao dia do terramoto universal. Mas era preciso perguntar aos desgraçados qual é a sua opinião, consultá-los e consultar a nossa própria consciência para saber se o progresso material se não tem feito à custa do progresso moral e espiritual...

O que na solidão os livra da natureza e do Inferno é a religião. É ela que, além da vida monótona, da vida horrível, lhes mostra outra vida superior. É ela que os une e os salva.

moitos sufran. Xa non concibimos a vida sen arte, sen libros de capa amarela, sen salas de teatro —ata o día do terremoto universal. Mais era preciso preguntar aos desventurados a súa opinión, consultalos e consultar a nosa propia conciencia, para saber se o progreso material non se ten feito en detrimento do progreso moral e espiritual...

O que na soildade os libra da natureza e do Inferno é a relixión. Ela é a que, máis alá da vida monótona, da vida horrible, lles mostra outra vida superior. É ela a que os une e a que os salva.

Cada vez comprendo menos a existencia...! Pois se a relixión produce isto —esta persoa pura—, por que andamos nós a complicar a vida? Cristo está aquí —Cristo e a pobreza— Cristo más descarnado ca eles —un Cristo que pon medo. Todos pobres, todos descalzos, todos inexpresivos. E nin un xesto, nin un grito, nin unha revolta! Esta xente son un produto do isolamento e da relixión, e son as regras católicas as que conseguén esta uniformidade e a monotonía das almas. Someterse, obedecer, non discutir... A pesar da beleza do sacrificio, falta aquí algunha cousa... Do rabaño non se destaca ningunha figura. Será o Demo tan necesario no mundo como Deus para non boquexarmos co sono e para que se esculpan a gritos certos seres de contradición e de desespero, que bradan aos ceos e se laceran diante do universo indescifrable, atrevéndose a levantar a cabeza —e dos cales non podemos apartar os ollos atónitos...?



Cada vez comprehendo menos a existência!... Então se a religião produz isto – este homem puro –, que andamos nós a complicar a vida? Cristo está aqui – Cristo e a pobreza – Cristo mais descarnado do que eles – um Cristo que mete medo. Todos pobres, todos descalços, todos inexpressivos. E nem uma figura, nem um grito, nem uma revolta! Este homem é um produto do isolamento e da religião, e são as regras católicas que conseguem esta uniformidade e a monotonia das almas. Subordinar-se, obedecer, não discutir... Apesar da beleza do sacrifício, falta aqui alguma coisa... Do rebanho não se destaca uma figura. Será o Diabo tão necessário no mundo como Deus para não abrirmos todos a boca com sono e para que se esculpam a gritos certos seres de contradição e de desespero, que bradam aos céus e se dilaceram dian-te do universo indecifrável, atrevendo-se a levantar a cabeça – e dos quais não podemos arrancar os olhos atónitos?!



Ou será tudo inútil? Será tudo vazio e inútil? – Um grito diante deste espectáculo fantasmagórico do vasto mundo, entre forças cegas – como um Deus presente e monstruoso a quem tivessem arrancado os olhos para não ver?... Um grito e mais nada...



Ou será todo inútil? Será todo baleiro e inútil? Un grito diante deste espectáculo fantasmagórico do vasto mundo, entre forzas cegas —coma un Deus presente e monstruoso a quen lle arrancasen os ollos para non ver...? Un grito e máis nada...



Agora sei por que estes seres con paneis de esculturas, osamentas enormes e mans con fendas, me poñen medo... A súa expresión é diferente —a expresión do ser que vive baixo o xugo de ferro do tempo e das necesidades primitivas. Tamén sei xa o que hai no Corvo de importante: non son os costumes rudos nin a vida groseira. O que aquí hai de importante é a vida: mortos e vivos forman un corpo: mortos, vivos e pedra. Mortos, vivos e Cristo. Somos completamente diferentes nas palabras, nos sentimentos, nas ideas. Quen de nós é mellor? Cal é a verdadeira vida? A deles ou a nosa...? Noutra parte suprimo e arredo estas ideas —como suprimo e arredo o tempo. Mais aquí teño sempre presentes a idea de Deus e a idea da morte, e vexo o tempo medir minuto a minuto na clepsidra a vida que pasa. A illa é pobre e calveada, o silencio mete medo, e o isolamento completo e pechado en roda polo mar atormentado. A verdade, eu non podía vivir coma estes homes, mais na hora da morte quería ser un destes homes.

